# ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

**Base 63 de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2017**

**GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ASEMBLEAS ABERTAS:**

1. *Resolución da Presidencia núm. 32.770/2016, con data do 30/12/2016, que aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2017*.

Primeira e única xustificación:

1. *Documentación xustificativa de gastos e pagamentos efectuados entre o 19/01/2017 e o 16/12/2017*.
2. *Informe da Intervención Provincial*.
3. *Resolución da Presidencia núm. 41.126/2017, con data do 26/12/2017, que aproba a primeira e única xustificación da asignación para o exercicio 2017*.

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**PRESIDENCIA**

**RESOLUCIÓN pola que se aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2017 ao Grupo Político Provincial BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS .**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña**,

## ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2016 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2017 e as bases para a súa execución.

A número 63 das bases de execución regulamenta a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local e fixa para o grupo político provincial un importe trimestral de 5.250,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local

O grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario dabondo na aplicación 2017/0000/912.02/480 para atender a asignación provincial proposta.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO**.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 2017/0000/912.02/480 e aprobar o pago da asignación correspondente ao primeiro trimestre do 2017 por un importe de 5.250,00 € a prol do Grupo político provincial BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS (NIF: V70477419) e ingresalo na súa conta na entidade financeira Abanca IBAN: ES94 2080 0043 1630 4002 6661.

**SEGUNDO**.- O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 63 de execución do orzamento 2017.

**TERCEIRO**.- Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como "pago a xustificar", xunto co o informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 63 de execución do orzamento provincial.

**CUARTO**.-O pago a asignación terá a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixirán a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

**QUINTO**: A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 63 de execución do orzamento.

**SEXTO**: Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.

**SEPTIMO**: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

**OCTAVO**: Notificar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

BNG
Asembleas
— Abertas

DIPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
Registro de INTERVENCIÓN
N.º 37806
ENTRADA | SALIDA
20 DIC. 2017

# Xustificación documental de fondos en concepto de asignación económica ao grupo provincial do BNG-Asembleas Abertas. Ano 2017

Atendendo ao establecido no número 63ª das Bases de Execución do orzamento 2017 da Deputación da Coruña, "Asignación aos Grupos Políticos Provinciales", onde se fixa a dotación económica que lle corresponde a cada grupo político, así como o procedemento e requisitos e/ou regras para a percepción da devandita asignación,

O grupo provincial do BNG- Asembleas Abertas achega a seguinte xustificación documental dos gastos e pagos imputados con cargo á dotación económica do exercicio 2017 correspondente a este grupo no ano 2017:

1. Xustificante de pago á Axencia Tributaria. *Retencións e ingresos a conta do IRPF*. Datado o 19/01/2017, corresponde ao 1º trimestre. ANEXO I. 1.010,10€
2. Xustificante de pago á entidade bancaria, *Comisión por Administración*. Datado o 17/06/2017, corresponde ao 2º trimestre. ANEXO II. 4,20€
3. Xustificante de pago á entidade bancaria, *Comisión por Mantemento*. Datado o 17/06/2017, corresponde ao 2º trimestre. ANEXO III. 29,00€
4. Xustificante de pago da factura nº45. Contrato de comunicación con *Distrito Xermar*, Alberto Sánchez Regueiro. Datado o 26/09/201, corresponde ao 3º trimestre. ANEXO IV, achégase: 1.378,00
    - Fotocopia da factura
    - Fotocopia de contrato
    - Fotocopia de solicitude de tres ofertas, fotocopia de xustificante postal
    - Ofertas presentadas
5. Xustificante de pago á entidade bancaria, *Comisión por Transferencia*. Datada 29/09/2017, corresponde ao 3º trimestre. ANEXO V. 4,13 €
6. Xustificante de pago á Axencia Tributaria. Retención e ingresos a conta do IRPF, 3ºtrimestre do exercicio 2017. Datado 20/10/2017, corresponde ao 4º trimestre. ANEXO VI. 195,00 €

7. Xustificante de pago de factura nº48 a Alberto Sánchez Regueiro. Datado o 30/10/207, corresponde ao 4º trimestre. Achegase fotocopia de factura. ANEXO VII. 1.378,00

8. Xustificante de pago á entidade bancaria, *Comisión por Transferencia*. Datada o 30/10/2017, corresponde ao 4º trimestre. ANEXO VIII. 4,13 €

9. Xustificante de pago de factura nº62 a Alberto Sánchez Regueiro. Datado o 28/11/20017, corresponde ao 4º trimestre. Achégase fotocopia de factura. ANEXO IX 1.378,00

10. Xustificante de pago á entidade bancaria, *Comisión por Transferencia*. Datada o 28/11/2017, corresponde ao 4º trimestre. ANEXO X 4,13 €

11. Xustificante de pago á entidade bancaria, *Comisión por Mantemento*. Datada o 16/12/2017, corresponde ao 4º trimestre. ANEXO XI 29,00 €

12. Xustificante de pago á entidade bancaria, *Comisión por Administración*. Datada o 16/12/2017, corresponde ao 4º trimestre. ANEXO XII 2,40 €

13. OBRIGA DE PAGO. Factura nº 71 a Alberto Sánchez Regueiro, corresponde ao 4º trimestre por importe de 11.595,34€ + 34,75€ por realización da transferencia . Elaboración de boletín. ANEXO XIII, achégase: 11.595,34 + 34,75

- Fotocopia da factura
- Fotocopia de contrato
- Fotocopia de solicitude de tres ofertas
- Ofertas presentadas

14. OBRIGA DE PAGO. Factura nº75 a Alberto Sánchez Regueiro, corresponde ao 4º trimestre polo mes de decembro por importe de 1.378€ + 4,13€ por realización da fransferencia. ANEXO XIV, achégase fotocopia da factura. 1.378,00 + 4,13

15. Copia Libro de gastos e ingresos do Grupo provincial do BNG-Asembleas Abertas. ANEXO XV

16. Copia Libro de Caixa do Grupo provincial do BNG-Asembleas Abertas. ANEXO XVI

17. Extracto da conta bancaria do Grupo BNG (2080-0043-16-3040026661) desde a apertura da conta 18/02/2016 ata o día de hoxe, 18/12/2017. ANXEO XVII

A día de hoxe, 18/12/2017, e logo dos gastos detallados no libro de Caixa do Grupo provincial do BNG-Asembleas Abertas, este Grupo ten disponible na súa conta 844,01 €.Tendo en conta que as facturas nº48, 62, 71 e 75 emitidas por Alberto Sánchez Regueiro inclúen todas elas unha retención do 15%, resultando unha cantidade de 2.225,85€, que o Grupo provincial do BNG-

Asembleas Abertas ten a obriga de autoliquidar a AEAT nos vinte primeiro días naturais do mes de xaneiro do 2018, polo que consideramos xustificada unha cantidade de **20.654.16€** da asignación ao grupo no exercicio 2017.

A Coruña, 18 de decembro 2017

Asdo. Xosé Regueira Varela
Portavoz do Grupo provincial do BNG-Asembleas Abertas

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

//ABANCA

Justificante de Operación

| IBAN | Código internacional de cuenta bancaria | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ES94 | 2080 | 0043 | 1630 | 4002 | 6661 |

- **De utilización en todas las transacciones internacionales.**
- **Aporta mejoras en cuento a velocidad y costes.**

| FECHA OPERACIÓN: | FECHA VALOR: | TIPO OPERACIÓN: | IMPORTE: | DIVISA: |
|---|---|---|---|---|
| 19-01-2017 | 19-01-2017 | IMPUESTO | -1.010,10 | EUR |

| | |
|---|---|
| DESCRIPCIÓN: | NRC:1112080630692X82676590,NIF:V70477419 |
| ENTIDAD RECAUDADORA: | 001A.E.A.T |
| MODELO DE IMPUESTO: | 111IRPF. RETENC. E ING. A CTA. G. EMP. |
| REFERENCIA: | 000000000001 |

Este impreso constituye únicamente un justificante del apunte en su cuenta. Algunas operaciones (transferencias, liquidaciones, pagos domiciliados, etc.) tienen un justificante detallado que se genera transcurridos unos días y que sustituye a este documento.

JUSTIFICANTE GENERADO A TRAVÉS DE BANCA ELECTRÓNICA EL 20-10-2017 13:20:07.



ANEXO I

# INFORMACIÓN DE LA PRESENTACIÓN DE LA DECLARACIÓN

## MODELO 111

**Registro**

Presentación realizada el 19-01-2017 a las 13.46.48

Expediente/Referencia (nº registro asignado): 201611147740925Q

Código Seguro de Verificación: U9GXLTJ2FAT7RZY7

**Presentador**

NIF Presentador: V70477419

Apellidos y Nombre / Razón social: GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GAL

En calidad de: Titular

Vía de entrada: Presentación por Internet

Número de justificante: 1112080630692

A INGRESAR

NRC : 1112080630692X82676590 ING : 1010,10

Agencia Tributaria

Teléfono: 901 33 55 33

www.agenciatributaria.es

# Retenciones e ingresos a cuenta del IRPF

## Rendimientos del trabajo y de actividades económicas, premios y determinadas ganancias patrimoniales e imputaciones de renta

## Autoliquidación

Modelo **111**

**Declarante (1)**

**Devengo (2)**

Ejercicio ... 2016 Período ..... 4T

Número de justificante: 1112080630692

| NIF | Apellidos y nombre o razón social |
|---|---|
| V70477419 | GRUPO PROVINCIAL BNG-ASEMBLEAS ABERTAS |

**Liquidación (3)**

**I. Rendimientos del trabajo**

| | N.º de perceptores | Importe de las percepciones | Importe de las retenciones |
|---|---|---|---|
| Rendimientos dinerarios | 01 | 02 | 03 |

| | N.º de perceptores | Valor percepciones en especie | Importe de los ingresos a cuenta |
|---|---|---|---|
| Rendimientos en especie | 04 | 05 | 06 |

**II. Rendimientos de actividades económicas**

| | N.º de perceptores | Importe de las percepciones | Importe de las retenciones |
|---|---|---|---|
| Rendimientos dinerarios | 07 1 | 08 14.430,00 | 09 1.010,10 |

| | N.º de perceptores | Valor percepciones en especie | Importe de los ingresos a cuenta |
|---|---|---|---|
| Rendimientos en especie | 10 | 11 | 12 |

**III. Premios por la participación en juegos, concursos, rifas o combinaciones aleatorias**

| | N.º de perceptores | Importe de las percepciones | Importe de las retenciones |
|---|---|---|---|
| Premios en metálico | 13 | 14 | 15 |

| | N.º de perceptores | Valor percepciones en especie | Importe de los ingresos a cuenta |
|---|---|---|---|
| Premios en especie | 16 | 17 | 18 |

**IV. Ganancias patrimoniales derivadas de los aprovechamientos forestales de los vecinos en montes públicos**

| | N.º de perceptores | Importe de las percepciones | Importe de las retenciones |
|---|---|---|---|
| Percepciones dinerarias | 19 | 20 | 21 |

| | N.º de perceptores | Valor percepciones en especie | Importe de los ingresos a cuenta |
|---|---|---|---|
| Percepciones en especie | 22 | 23 | 24 |

**V. Contraprestaciones por la cesión de derechos de imagen: ingresos a cuenta previstos en el artículo 92.8 de la Ley del Impuesto**

| | N.º de perceptores | Contraprestaciones satisfechas | Importe de los ingresos a cuenta |
|---|---|---|---|
| Contraprestaciones dinerarias o en especie | 25 | 26 | 27 |

**Total liquidación:**

Suma de retenciones e ingresos a cuenta ( 03 + 06 + 09 + 12 + 15 + 18 + 21 + 24 + 27 ) .... 28 1.010,10

A deducir (exclusivamente en caso de autoliquidación complementaria):

Resultados a ingresar de anteriores autoliquidaciones por el mismo concepto, ejercicio y período .... 29

**Resultado a ingresar** ( 28 – 29 ) .... 30 1.010,10

**Ingreso (4)**

**Ingreso efectuado a favor del Tesoro público.** Cuenta restringida de colaboración en la recaudación de la AEAT de declaraciones-liquidaciones o autoliquidaciones.

**Importe del ingreso** .................... I 1.010,10
(casilla 30)

Forma de pago:

**Código IBAN**

**Negativa (5)**

☐ **Autoliquidación negativa**

**Complementaria (6)**

Si esta autoliquidación es complementaria de otra autoliquidación anterior correspondiente al mismo concepto, ejercicio y período, indíquelo marcando con una "X" esta casilla.

☐ **Autoliquidación complementaria**

En este caso, consigne a continuación el número de justificante identificativo de la autoliquidación anterior.

**Nº de justificante:**

**Firma (7)**

_______________, a ____de ______________de _______

Firma:

La autenticidad de este documento puede ser comprobada mediante el Código Seguro

//ABANCA

Justificante de Operación

| IBAN | Código internacional de cuenta bancaria | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ES94 | 2080 | 0043 | 1630 | 4002 | 6661 |

- De utilización en todas las transacciones internacionales.
- Aporta mejoras en cuento a velocidad y costes.

| FECHA OPERACIÓN: | FECHA VALOR: | TIPO OPERACIÓN: | IMPORTE: | DIVISA: |
|---|---|---|---|---|
| 16-06-2017 | 17-06-2017 | COMIS.ADMINIST. | -4,20 | EUR |

DESCRIPCIÓN: COMISION ADMINISTRACION 17-06-2017
REFERENCIA: -

Este impreso constituye únicamente un justificante del apunte en su cuenta. Algunas operaciones (transferencias, liquidaciones, pagos domiciliados, etc.) tienen un justificante detallado que se genera transcurridos unos dias y que sustituye a este documento.

JUSTIFICANTE GENERADO A TRAVÉS DE BANCA ELECTRÓNICA EL 20-10-2017 13:19:28.

ABANCA Corporación Bancaria S.A. NIF A70302039 - I.Rº.M. A Coruña, T. 3.426, F. 1, H. C-47.803, Insc.1ª. - Dom. Social: 15300, Betanzos, c/ Cantón Claudino Pita, nº 2 - Rº BB 2080 - www.abanca.com

ANEXO II

//ABANCA

## Justificante de Operación

| IBAN | Código internacional de cuenta bancaria | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ES94 | 2080 | 0043 | 1630 | 4002 | 6661 |

- De utilización en todas las transacciones internacionales.
- Aporta mejoras en cuento a velocidad y costes.

| FECHA OPERACIÓN: | FECHA VALOR: | TIPO OPERACIÓN: | IMPORTE: | DIVISA: |
|---|---|---|---|---|
| 16-06-2017 | 17-06-2017 | COMIS.MANTENIM. | -29,00 | EUR |

| | |
|---|---|
| DESCRIPCIÓN: | COMISION MANTENIMIENTO 17-06-2017 |
| REFERENCIA: | - |

Este impreso constituye únicamente un justificante del apunte en su cuenta. Algunas operaciones (transferencias, liquidaciones, pagos domiciliados, etc.) tienen un justificante detallado que se genera transcurridos unos días y que sustituye a este documento.

JUSTIFICANTE GENERADO A TRAVÉS DE BANCA ELECTRÓNICA EL 20-10-2017 13:20:45.

ABANCA Corporación Bancaria S.A. NIF A70302039 - I.Rº.M. A Coruña, T. 3.426, F. 1, H. C-47.803, Insc.1ª. - Dom. Social: 15300. Betanzos, c/ Cantón Claudino Pita, nº 2 - Rº BB 2080 - www.abanca.com

ANEXO III

ANEXO IV

//ABANCA

## ANOTACION EN CUENTA

| UNIDAD ORIGEN | FECHA | TIPO DE OPERACION | MONEDA | NÚMERO DE CUENTA |
|---|---|---|---|---|
| 0803 - BCA.ELECT.EMPS | 29-09-2017 | CARGO | EUR | IBAN ES94 2080 0043 1630 4002 6661 |

Mod. X60

| CONCEPTO | VALOR | IMPORTE |
|---|---|---|
| TRANSF. 1.378,00 EUR A ES32 0238 8210 9106 0000 5744<br>ORDENADA POR: GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO<br>A FAVOR DE: ALBERTO SANCHEZ REGUEIRO<br>REFERENCIA: 080T727208374241 | 02-10-2017 | 1.378,00 |
| TRANSFERENCIA SEPA (WEB EMPRESAS) | | 4,13 |
| CONCEPTO: PAGO DE FACTURA N.045. COMUNICACIONPOLIT. 2.0 E MARK. POLIT. ONLINE/O FLINE PARA O GP DO BNG-AA NA DEPUTAC. DA CORUÑA. SETEMBRO 2017 | | |
| | TOTAL | 1.382,13 |

GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO A SAMBLEAS
AV.ALFEREZ PROVISIONAL, 2 PLANTA 3
PALACIO PROVINCIAL
15006 A CORUÑA
A CORUÑA

-0043-

Anotamos en su cuenta el importe indicado.

ABANCA Corporación Bancaria S.A.("la ENTIDAD") NIF A70302039- I.Rº.M. A Coruña, Tomo 3.426, F. 1, H.C-47.803, Insc.1ª. Dom. Social: 15300, Betanzos, c/Cantón Claudino Pita nº2 - RºBB 2080-www.abanca.com
OM00121E / 20170929/X




**Alberto Sánchez Regueiro**
**34894882H**
**Xermar 36**
**15185 Cerceda**
**A Coruña**

**FACTURA 045**
**data 26/09/2017**

**Grupo Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas**
**Avda. Alférez Provisional 2 - planta 3**
**Palacio Provincial - 15003 A Coruña**
**CIF: V70477419**

Comunicación política 2.0 e márketing político online/ofline para o grupo provincial do BNG_Asembleas Abertas na Deputación da coruña no mes de setembro do 2017

* Vai anexada a xestión feita neste mes de setembro

subtotal 1.300 € IVE (21%) 273€ retención (15%) 195€ **total 1.378 €**

(IBAN): ES32 0238 8210 9106 0000 5744 - (BIC): PSTRESMM

# Xestión e publicacións nas redes do Grupo Provincial do BNG na Deputación da Coruña

## Páxina web - depuacorunha.bng.gal

| Publicacións | |
|---|---|
| Data | Titular |
| 8/09 | Publicada a primeira listaxe de cargos institucionais represaliados polo franquismo |
| 8/09 | Comezan as recepcións institucionais a familiares de cargos públicos represaliados |
| 8/09 | A Deputación e os concellos da Coruña e Sada reúnense para reclamar a devolución do Pazo de Meirás |
| 8/09 | As entidades que xestionan museos e fundacións recibirán axudas para a profesionalización |
| 8/09 | A Deputación financia proxectos de cooperación en países de América Latina e África |
| 8/09 | Unha reprodución en 3D das escalinatas de Mariñán axudará á súa reparación |
| 8/09 | Goretti Sanmartín eloxia a vitalidade do outono cultural de Compostela na presentación do WOS |
| 8/09 | Os seis xeodestinos contarán con plans de formación para os profesionais do turismo |
| 8/09 | A artesanía coruñesa regresa ao Mercado de La Luz en Boimorto |
| 8/09 | A Área de Igualdade avanza na campaña En negro, contra a violencia machista |
| 11/09 | Eli Ríos presenta este mércores na Coruña "Luns", a obra coa que gañou o Torrente Ballester en galego |
| 13/09 | A nova web de Turismo reforza o papel das páxinas de promoción dos concellos |
| 15/09 | O pleno da Deputación apoia a constitución da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás |
| 18/09 | Turismo anuncia un novo impulso na promoción do Camiño Inglés |
| 18/09 | Os cen anos do monumento a Rosalía celébranse cunha gala e unha feira |
| 19/09 | A Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás convoca un plenario a finais de outubro |
| 22/09 | Anxela Franco insiste en que seguirá aumentando o investimento en servizos sociais |
| 25/09 | Goretti Sanmartín convida ao Estado a promover o ensino do éuscaro, o catalán e o galego |
| | |
| | |

## Twitter - @bngdepuacorunha

| Período | Chíos | Impresións | Visitas ao perfil | Mencións | Seguidores |
|---|---|---|---|---|---|
| 19 días<br>7-25 set. 2017 | **49** (propios)<br>108 (total) | 15.5 K | 242 | 26 | 68 |

## Facebook - @bngdepuacorunha

| Período | Publicacións | Visitas á paxina | Gústame | Alcance | Seguidores |
|---|---|---|---|---|---|
| 19 días<br>7-25 set. 2017 | **13**<br>7 (fotos) 6 ligazóns ou vídeo | 36 | 10 | 1.307 | 10 |

## Instagram - @bngdepuacorunha

| Período | Publicacións | Seguidores |
|---|---|---|
| Activo desde 25 de set. | 12 | 6 |

## YouTube - @bngdepuacorunha

| Publicacións | |
|---|---|
| Data | Titular |
| 12/09 | Goretti Sanmartín contra a Fundación Franco |
| 12/09 | Temos moito que ver na provincia da Coruña (vídeo turístico promocional da Deputación) |
| 15/09 | Pleno da Deputación do 15 de setembro. Debate sobre o Pazo de Meirás |
| 25/09 | Goretti Sanmartín presenta as actividades do Día Europeo das Linguas |
| | |

iVOOX - @bngdepuacorunha

| Publicacións | |
|---|---|
| Data | Titular |
| 24/09 | Goretti Sanmartín na presentación das Bases Democráticas |
| 26/09 | Goretti Sanmartín na presentación dos actos do Día Europeo das Linguas |
| | |
| | |

Asembleas
— Abertas

CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DA COMUNICACIÓN POLÍTICA 2.0 E DA ESTRATEXIA DE MARKETING POLÍTICO ONLINE/OFLINE DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

En Coruña, a vinte e catro de agosto de dous mil dezasete.

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Xosé Regueira Varela, portavoz do grupo provincial do BNG-AA na Deputación da Coruña, co DI nº 52435437K.

Doutra parte, D. Alberto Sánchez Regueiro, co nº de DI 34894882H, con domicilio a efectos de notificacións en Xermar 36, 15185 Cerceda.

OBRAN:

Xosé Regueira Varela en nome e representación do grupo provincial do BNG-AA na Deputación da Coruña.

Alberto Sánchez Regueiro, en nome e representación de *Distrito Xermar-Alberto Sánchez Regueiro,* manifestando ter plena capacidade para contratar e non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade e incapacidade que determinar as disposicións vixentes na matéria.

ANTECEDENTES:

1. O prego coas condicións e cláusulas administrativas que rexe a presente contratación foi enviado ás tres empresas por igual e foron as propostas polo grupo provincial do BNG-AA para poder desenvolver o traballo ao que se refire.
2. Mediante acordo do devandito grupo provincial, propúxose a adxudicación da prestación do servizo a *Distrito Xermar-Alberto Sánchez-Regueiro.* Por considerar que a súa oferta era a máis valorada e polo tanto máis acaída por parte do grupo provincial.

E convindo ámbalas dúas partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente contrato, formalízano no presente documento administrativo, con sometemento ás seguintes

BNG Asembleas Abertas

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- D. Alberto Sánchez Regueiro comprométese á presentación do servizo de implantación e desenvolvemento da comunicación política 2.0 e da estratexia de marketing político online/ofline do grupo provincial do BNG-AA na Deputación da Coruña, con sometemento ao prego de cláusulas para a presente contratación, que obra no expediente, así como ao contido completo da proposta presentada pola empresa á que representa, documentos que forman parte do presente contrato e que acepta ser reserva algunha.

SEGUNDA.- O prezo total do contrato é de 18.876€, dos que 15.600€ corresponden ao prezo e 3.276€ corresponde ao IVE (21%).

TERCEIRA.- O pago será aboado previa presentación de facturas mensual, polo importe resultante de dividir o prezo total entre as 12 mensualidades.

CUARTA.- O prazo de execución será de un ano, prorrogábel por outro máis ou ben ata fin de mandato, no caso de que este sexa anterior ao ano da prórroga.

E para a debida constancia de todo o convido, asinan o presente contrato.

| | |
|---|---|
| Xosé Regueira Varela | Alberto Sánchez Regueiro |
| polo BNG-AA | O adxudicatario |

A Coruña, 1 de setembro de 2017

Asembleas
— Abertas

Desde o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (BNG-AA) queremos convidar á súa empresa para unha SOLICITUDE DE OFERTA ao respecto da contratación para a implementación e o desenvolvemento da comunicación política 2.0 e da estratexia de marketing político online / ofline do devantido grupo.

Achegamos na documentación anexa as condicións que rexirán o contrato.

Sen outro particular e agradecendo a súa atención

asdo.: Goretti Sanmartín Rei. Polo Grupo Provincial do BNG-AA

A Coruña, 14 de agosto de 2017

BNG
Asembleas
— Abertas

## SOLICITUDE DE OFERTA

**Contratación de empresa para a implementación e o desenvolvemento da comunicación política 2.0 e da estratexia de marketing político online / ofline do Grupo provincial do BNG_Asembleas Abertas na Deputación da Coruña.**

Co obxecto de contratar estes traballos solicítaselle oferta económica detallada.

**OBXECTO DO CONTRATO:** Implementación e desenvolvemento da comunicación política 2.0 e da estratexia de marketing político online / ofline do Grupo provincial do BNG_Asembleas Abertas na Deputación da Coruña.

**DURACIÓN DO CONTRATO**: 1 ano prorrogable por outro máis, con efectos desde 1 de setembro de 2017.

**PREGO DE CONDICIÓNS:** O contrato executarase con arranxo ao prego de condicións que figuran no anexo I, que ten carácter contractual.

**PRESUPOSTO:** O presuposto máximo do contrato é de:

A) Presuposto sen IVE: 16.000 €
B) IVE (21%)
C) Presuposto TOTAL (A+B) : 19.360€

**LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS:**

A proposta deberá ser remitida ao correo electrónico: grupo.bng@dacoruna.gal ou por correo ordinario á seguinte dirección:

Deputación da Coruña (Pazo Provincial)
A/AT. Grupo provincial do BNG_Asembleas Abertas
Avda Porto da Coruña, nº 2
15003 – A Coruña

O prazo para presentar as ofertas será de 8 días naturais desde a recepción desta solicitude.

BNG
Asembleas
— Abertas

**ANEXO I**

**PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE EMPRESA PARA A IMPLEMENTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA COMUNICACIÓN POLÍTICA 2.0 E DA EXTRATEXIA DE MARKETING POLÍTICO ONLINE / OFLINE DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG_ASEMBLEAS ABERTAS NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**

**OBXECTO.-** O Grupo o BNG na Deputación da Coruña, co obxecto de mellorar o grao de coñecemento do traballo que está a desenvolver desde a institución provincial e ter unha maior comunicación directa coas veciñas e veciños dos concellos da provincia, ve necesario a implementación dunha política de comunicación e marketing do seu grupo nos medios e nas redes sociais, nas cales a presencia de novas persoas crece todos os días. Para tal fin precisa da contratación dunha empresa especializada que poña en marcha e desenvolva a comunicación política 2.0 e a estratexia de marketing político online / ofline.

**OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.-**

Definir as redes sociais nas que participará o grupo provincial do BNG_Asembleas Abertas da Deputación (Twiter, Facebook, Youtube, Instagram, etc...)

Administrar o espazo web da páxina oficial da Deputación do grupo do BNG e/ou crear e administrar páxina propia ou blog, onde deberá publicar mínimo 6 post ao mes.

Crear contidos do traballo mensual do grupo do BNG que xeneren valor á cidadanía.

Deseñar estratexias para promover a propagación da información emitida.

Manexo profesional dos contidos, xerar interacción e animar á participación, debendo xerar mínimo 8 publicacións ao mes en cada unha das redes sociais nas que defina que debe participar o grupo do BNG

Combinar a comunicación política online coa offline

Grabación e montaxe de videos das intervencións do portavoz e deputad@s do grupo nos plenos da Deputación, nos actos públicos, roldas de prensa, xornadas informativas e ou mesas-debate, tendo que xerar 2 vídeos mínimo ao mes.

Formación a deputad@s do grupo sobre o manexo dos seus perfiles nas redes sociais, dispositivos móviles (enviar información en tempo real, selfies coa cidadanía, grupos de whatsaap, etc.)

**OBRIGAS DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG_ASEMBLEAS ABERTAS.-**

Facilitarlle á empresa contratada a información sobre o traballo político que desenvolvan as/os membros do grupo, así como as súas axendas dos actos públicos, roldas de prensa, xornadas informativas e ou mesas-debate nos que participen como deputados e deputadas na Deputación da Coruña.

Colaboración, coordinación e supervisión do traballo a desenvolver pola empresa contratada.

**FORMA DE PAGO.-**

Grupo Provincial do BNG_Asembleas Abertas aboará o prezo do contrato en cuotas mensuais.

Os pagos serán realizados á empresa contratada despois da presentación da correspondente factura, xunto coa xustificación do traballo desenvolto.

M-11A

CORREOS NACIONAL

Número de envío para seguimiento: CD0CAM0000724450015166M

M11A16090959541N

**REMITENTE**

D./D.ª

C./ R./ DNI / CIF / Otro / Outro

Población / Poboación Nº Piso CP

País Tel. móvil / móbil Provincia

N.º Contrato E-mail

N.º Cliente

**DESTINATARIO**

D./D.ª

C./ R./ DNI / CIF / Otro / Outro

Población / Poboación Nº Piso CP

País Tel. móvil / móbil Provincia

E-mail

**PRODUCTO / PRODUTO**

☐ Carta ☐ Carta Urgente / Carta Urxente ☐ Paquete Tipo

**SERVICIOS ADICIONALES (según producto) / SERVICIOS ADICIONAIES (según produto)**

☐ Valor Declarado
☐ Aviso de Recibo (AR)
☐ eAR
☐ Seguro
☐ DUA
☐ (EED) Entrega Exclusiva Destinatario

Importe €

☐ Reembolso Importe €

☐ Ingreso en cuenta / Ingreso en conta

☐ A domicilio

**ENTREGA**

Domicilio

Oficina elegida / Oficina elixida *

**ESPACIO A RELLENAR POR CORREOS (VALIDACIÓN) / ESPAZO A CUBRIR POR CORREOS (VALIDACIÓN)**

REMITENTE

BNG-AA .
PAZO PROVINCIAL 3 ANDAR AVDA PORT DA CORUÑA 2
15003 CORUÑA (A)

DESTINATARIO

RONSEL DE IDEAS SL
RUADALAMA 14
15166 LUBRE (SAN XOAN)

PRODUCTO / PRODUTO

Producto: Carta Certificada CD0CAM0000724450015166M
Oficina de admisión: 1500010 - A CORUÑA OP
Importe del envío: 3,25 €
Fecha admisión: 14/08/2017 11:29
Peso: 34 grs

Firma Remitente o Autorizado / Sinatura Remitente ou Autorizado

COPIA CLIENTE

* Si conoce la Dirección de la oficina elegida, refléjelo en la dirección del destinatario. / Se coñece o enderezo da oficina elixida, reflíctao no enderezo do destinatario.

902 197 197 www.correos.es

M-11A

CORREOS **NACIONAL**

Número de envío para seguimiento: CD0CAM0000724440015102V

M11A16090959540B

## REMITENTE

D./D.ª DNI / CIF / Otro / Outro

C./ R./ Nº Piso CP

Población / Poboación Provincia

País Tel. móvil / móbil E-mail

N.º Contrato N.º Cliente

## DESTINATARIO

D./D.ª DNI / CIF / Otro / Outro

C./ R./ Nº Piso CP

Población / Poboación Provincia

País Tel. móvil / móbil E-mail

## PRODUCTO / PRODUTO

☐ Carta ☐ Carta Urgente / Carta Urxente ☐ Paquete Tipo

## SERVICIOS ADICIONALES (según producto) / SERVICIOS ADICIONAIES (según produto)

☐ Valor Declarado
☐ Aviso de Recibo (AR)
☐ eAR
☐ Seguro
☐ DUA
☐ (EED) Entrega Exclusiva Destinatario

Importe €

☐ Reembolso Importe €

☐ Ingreso en cuenta / Ingreso en conta

☐ A domicilio

ENTREGA

Domicilio

Oficina elegida / Oficina elixida *

## ESPACIO A RELLENAR POR CORREOS (VALIDACIÓN) / ESPAZO A CUBRIR POR CORREOS (VALIDACIÓN)

REMITENTE

BNG-AA .
PAZO PROVINCIAL 3 ANDAR AVDA PORT DA CORUÑA 2
15003 CORUÑA (A)

DESTINATARIO

COMUNICAR
A BREA 60
15102 BREA

PRODUCTO / PRODUTO

Producto: Carta Certificada CD0CAM0000724440015102V
Oficina de admisión: 1500010 - A CORUÑA OP
Importe del envío: 3,25 €
Fecha admisión: 14/08/2017 11:27
Peso: 34 grs

Firma Remitente o Autorizado / Sinatura Remitente ou Autorizado

* Si conoce la Dirección de la oficina elegida, refléjelo en la dirección del destinatario. / Se coñece o enderezo da oficina elixida, reflíctao no enderezo do destinatario.

902 197 197 www.correos.es

mepsa 2016/G / SAP 404 561

POR FAVOR, COMPRUEBE QUE EL TEXTO IMPRESO EN LA VALIDACIÓN MECÁNICA, RECOGE EL PRODUCTO Y SERVICIOS ADICIONALES REQUERIDOS / POR FAVOR, COMPROBE QUE O TEXTO IMPRESO NA VALIDACIÓN MECÁNICA, RECOLLE O PRODUTO E SERVIZOS ADICIONAIS REQUERIDOS

CORREOS **NACIONAL** M-11A

Número de envío para seguimiento: CD0CAM0000724430015185G

M11A16090959539L

**REMITENTE**

D./D.ª | DNI / CIF / Otro / Outro
C./ R./ | Nº Piso CP
Población / Poboación | Provincia
País | Tel. móvil / móbil | E-mail
N.º Contrato | N.º Cliente

**DESTINATARIO**

D./D.ª | DNI / CIF / Otro / Outro
C./ R./ | Nº Piso CP
Población / Poboación | Provincia
País | Tel. móvil / móbil | E-mail

**PRODUCTO / PRODUTO**

☐ Carta ☐ Carta Urgente / Carta Urxente ☐ Paquete Tipo

**SERVICIOS ADICIONALES (según producto) / SERVICIOS ADICIONAIES (según produto)**

☐ Valor Declarado
☐ Aviso de Recibo (AR)
☐ eAR
☐ Seguro
☐ DUA
☐ (EED) Entrega Exclusiva Destinatario

Importe €

☐ Reembolso Importe €

☐ Ingreso en cuenta / Ingreso en conta

☐ A domicilio

**ENTREGA**

Domicilio

Oficina elegida / Oficina elixida *

**ESPACIO A RELLENAR POR CORREOS (VALIDACIÓN) / ESPAZO A CUBRIR POR CORREOS (VALIDACIÓN)**

REMITENTE

BNG-AA .
PAZO PROVINCIAL 3 ANDAR AVDA PORT DA CORUÑA 2
15003 CORUÑA (A)

DESTINATARIO

DISTRITO XERMAR
XERMAR 36
15185 CERCEDA

PRODUCTO / PRODUTO

Producto: Carta Certificada CD0CAM0000724430015185G
Oficina de admisión: 1500010 - A CORUÑA OP
Importe del envío: 3,25 €
Fecha admisión: 14/08/2017 11:26
Peso: 34 grs

Firma Remitente o Autorizado / Sinatura Remitente ou Autorizado

* Si conoce la Dirección de la oficina elegida, refléjelo en la dirección del destinatario. / Se coñece o enderezo da oficina elixida, reflíctao no enderezo do destinatario.

902 197 197 www.correos.es

mepsa 2016/G / SAP 404 561

Ronsel de Ideas

OFERTA

Eu, Ramón Vilar Landeira, con domicilio para os efectos de notificacións de empresa en Rúa da Lama, 14-Lubre (Bergondo) en representación de ***Ronsel de Ideas ( B70296215)***, comunico a recepción de invitación para a presentación de oferta. Estando informado das condicións que se esixen para a participación do procedemento de adxudicación do contrato para a "Implementación e o desenvolvemento da comunicación política 2.0 e da estratexia de marketing político online/ofline do Grupo provincial do BNG-Asembleas Abertas na Deputación da Coruña", fago constar:

1. Que participo, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe que se especifica, de 19.360€/ano, no que 3.360€ corresponden ao IVE.
2. Que as redes sociais nas que realizará a difusión da información serán:
    - Twiter
    - Facebook
    - Youtube
    - Instagran
    - Así como a administración, tratamento e elaboración dos contidos da páxina web.
3. Que os medios técnicos e humanos serán os precisos e que se requiran para levar a cabo dacordo para o óptimo desenvolvemento do contrato.
4. Que o seguimento do cumprimento do contrato así como de todas aquelas cuestións a desenolver serán realizadas a través que se designe desde a empresa; e que será esta persoa a que dé conta do traballo desenvolvido mes a mes.
5. Que o contacto coa empresa será a través do tlf e correo electrónico que se facilitará no momento de asinar o contrato, de ser o caso, así como o nome da persoa que desde a empresa levará o traballo en cuestión.

En Bergondo , 23 de agosto de 2017

OFERTA

PROPOSTA ECONÓMICA:

D. Alberto Sánchez Regueiro con domicilio para os efectos de notificacións en Xermar 36, 15185 Cerceda con NIF 34894882H en representación de Alberto Sánchez Regueiro (distrito xermar) xa que recibín unha invitación para a presentación de oferta e estou informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación por procedemento negociado do contrato para a implementación e o desenvolvemento da comunicación política 2.0 e da estratexia de marketing político online/ofline do Grupo provincial do BNG-Asembleas Abertas na Deputación da Coruña, fago constar:

1. Que coñezo a solicitude de oferta e as bases para o contrato e que o acepto íntegramente.
2. Que participo, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de 1.300€/mes ao que hai que engadir 273€ correspondentes ao IVE, calculado según o tipo do 21% en vigor no momento de presentación da proposta.

Alberto Sánchez Regueiro

En Cerceda, 22 de agosto de 2017

PROPOSTA TÉCNICA:

Distrito Xermar é un nome comercial creado por Alberto Sánchez Regueiro en 01/08/2014 e que centra a súa actitividade na producción de contidos gráficos e deseño, ademáis da análise e difusión de contidos-información nos diversos soportes ao noso alcance.

As redes sociais e a universalidade do acceso á internet mudaron para sempre a comunicación, e sobre todo, a forma de difundila. Hai acceso instantáneo a milleiros de contidos, múltiples plataformas vinculadas unas coas outras, e a existencia de unha tecnoloxía persoal que nos conecta con todo desde calquera parte do mundo. É esta polo tanto, unha realidade que as administracións públicas tamén deben traballar e mudar á hora de adaptarse á nova maneira de comunicar e de crear comunicación.

A oferta aborda a producción de contidos de carácter institucional a través de distintos soportes que intentarán buscar e lograr o novo concepto de comunicación entre administración e usuarias, consumidoras....

Será polo tanto o traballo a desenvolver nos distintos ámbitos:

- Páxina web: redacción de contidos e novas, cobertura de eventos ou visitas, e para a creación de novos apartados, incorporación de imaxes, son e audio, facilitando o trasvase deses contidos ás redes sociais. Mantemento informativo de todas as novas creadas polo grupo provincial do BNG-AA. Subida de documentos se for precisos, vinculada á información que se pretende difundir.

- Redes sociais: facebook, twitter, instagran, google+, youtube e ivoox. Serán as plataformas a traballar. Iniciando o mantemento e a creación das que non se dispoñan. A presenza en redes sociais irá acompañado dun seguimento da súa efectividade procurando ademais que os contidos publicados en internet obteñan un bo posicionamento en buscadores.

  Facebook: publicación de galerías de, cando menos de 5 imaxes daquelas actividades de especial relevancia solicitadas desde o grupo provincial. Potenciación do traballo e fidelización social.

  Twitter: creación e mantemento informativo da conta para difundir e captar información a través da rede.

  Instagran: creación e mantemento da conta para entrar e conectar coos perfís da mocidade. Creación de vídeos.

  Google+: xestión do perfil.

  Youtube: xestionarar a suba de vídeos a unha canle propia. Incluirase a publicación de

pezas facilitadas desde o grupo ou traballos que sexan gravados ou editados a partires de indicacións do grupo, e facilitados como parte do obxecto do contrato.

Ivoox: mantemento de canle sonora para a difusión de plenos ou cortes de audio.

MELLORAS:

- Dentro da administración do espazo web da pax oficial da deputación do grupo do BNG-AA, publicaranse como como mínimo **8 post/mes**.
- No manexo profesional de contidos, xeraranse **10 publicacións como mínimo ao mes.**
- A grabación e montaxe de videos de intervencións das persoas que forman parte do grupo provincial nos actos públicos, roldas de prensa..., **serán 4 vídeos como mínimo/mes.**
- Para desenvolver este traballo da maneira máis dilixente **a empresa contratará a unha persoa,** experta na materia a desenvolver, a media xornada.

CONSIDERACIÓNS DE CARÁCTER XERAL:

Mantemento informativo: a proposta limítase a elaboración, publicación de contidos segundo o descrito (nesta proposta, máis no anexo I), o seu traslado e adaptación aos distintos soportes de titularidade do grupo provincial do BNG-AA.

Creación de imaxes: de resultar adxudicatario, todas os videos, fotografías tomadas e elaboradas ao abeiro da proposta serán propiedade do grupo provincial do BNG-AA.

Así tamén faise constar, que de cara á prestación de servizos o grupo do BNG-AA conta coa autorización expresa para a toma de imaxes das persoas participantes das tomas, fotografías..., que xurdan da creación dos contidos, e de que se comunicaría con antelación ao contratista calquera excepción que cumprise facer para preservar a identidade de persoas que así o requiran ou en caso de menores, de ser o caso.

O ámbito xeográfico de prestación de sevicio é o comprendido dentro do territorio da provincia de A Coruña.

O seguimento do contrato: para levar constancia do desenvolvemento do contrato, ademais da proba da publicación dos contidos, o ofertante porá a disposición da persoa designada polo grupo provincial do BNG-AA unha relación diaria en liña dos traballos desenvolvidos en detalle.

As comunicación relativas a cuestión relacionadas co contrato deberán desenvolverse indistintamente a trevés dos correos info@distritoxermar.net ou ben no teléfono que se facilite de ser o adxudicatario do contrato.

CRISTINA MARÍA ABELLEIRA MARTÍNEZ con domicilio en A Brea, 60 (Carballo-A Coruña) para os efectos de notificacións e con NIF 52434088E, en representación de ***Comunicar***, comunica a nosa intención de participar no procedemento para o contrato de implementación e o desenvolvemento da comunicación política 2.0 e da estratexia de márketing político online/offline do Grupo Provincial do BNG-Asembleas Abertas na Deputación da Coruña.

Así queremos informar das especificacións técnicas para a execución do contrato:

- Que coñecemos a solicitude de oferta e as bases para o contrato e que o aceptamos integramente.
- Que participamos, e que en nome de ***Comunicar*** asumimos levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de 1.200€/mes ao que hai que engadir 252€ correspondentes ao IVE, calculado segundo o tipo do 21% en vigor no momento de presentación da proposta.
- Que as redes sociais nas que participará serán Twitter, Facebook, YouTube, e Instagram, xa que son as plataformas máis participativas, difundidas e coñecidas na actualidade.
- Os medios empregados serán todos aqueles dos que dispoñemos dentro do propio centro, así coma os medios persoais e técnicos. Aínda que será unha persoa dentro da nosa empresa a que coordinará e supervisará o traballo a desenvolver. Esta persoa será a que teña o contacto co fin de ter ao día ao adxudicatario así como de informar de todo o que corresponda ao desenvolvemento do contrato, de ser o caso.

Poñemos igualmente en coñecemento a nosa páxina web onde se pode ver o traballo de COMUNICAR, onde ofrecemos un servizo de comunicación integral, especialmente deseñado para cada usuario, adaptado ás necesidades da empresa, entidade ou institución. http://www.comunicar.gal/gl.

Cristina María Abelleira Martínez
Carballo, 23 de agosto de 2017

ANEXO V

//ABANCA

# ANOTACION EN CUENTA

| UNIDAD ORIGEN | FECHA | TIPO DE OPERACION | MONEDA | NÚMERO DE CUENTA |
|---|---|---|---|---|
| 0803 - BCA.ELECT.EMPS | 29-09-2017 | CARGO | EUR | IBAN ES94 2080 0043 1630 4002 6661 |

Mod. X60

| CONCEPTO | VALOR | IMPORTE |
|---|---|---|
| TRANSF. 1.378,00 EUR A ES32 0238 8210 9106 0000 5744<br>ORDENADA POR: GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO<br>A FAVOR DE: ALBERTO SANCHEZ REGUEIRO<br>REFERENCIA: 080T727208374241<br>TRANSFERENCIA SEPA (WEB EMPRESAS)<br>CONCEPTO: PAGO DE FACTURA N.045. COMUNICACIONPOLIT. 2.0 E MARK. POLIT. ONLINE/O FLINE PARA O GP DO BNG-AA NA DEPUTAC. DA CORUÑA. SETEMBRO 2017 | 02-10-2017 | 1.378,00<br>4,13 |
| | TOTAL | 1.382,13 |

GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO A SAMBLEAS
AV.ALFEREZ PROVISIONAL, 2 PLANTA 3
PALACIO PROVINCIAL
15006 A CORUÑA
A CORUÑA

-0043-

Anotamos en su cuenta el importe indicado.

ABANCA Corporación Bancaria S.A.("la ENTIDAD") NIF A70302039- I.Rº.M. A Coruña, Tomo 3.426, F. 1, H.C-47.803, Insc.1ª. Dom. Social: 15300. Betanzos, c/Cantón Claudino Pita nº2 - RºBB 2080-www.abanca.com
OM00121E / 20170929/X

//ABANCA

Justificante de Operación

| IBAN | Código internacional de cuenta bancaria | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ES94 | 2080 | 0043 | 1630 | 4002 | 6661 |

- De utilización en todas las transacciones internacionales.
- Aporta mejoras en cuento a velocidad y costes.

| FECHA OPERACIÓN: | FECHA VALOR: | TIPO OPERACIÓN: | IMPORTE: | DIVISA: |
|---|---|---|---|---|
| 20-10-2017 | 20-10-2017 | IMPUESTO | -195,00 | EUR |

| | |
|---|---|
| DESCRIPCIÓN: | IMP:112846539596,NIF:V70477419 |
| ENTIDAD RECAUDADORA: | 001A.E.A.T. |
| MODELO DE IMPUESTO: | 111IRPF. RETENC. E ING. A CTA. G. EMP. |
| REFERENCIA: | 000000000001 |

Este impreso constituye únicamente un justificante del apunte en su cuenta. Algunas operaciones (transferencias, liquidaciones, pagos domiciliados, etc.) tienen un justificante detallado que se genera transcurridos unos días y que sustituye a este documento.

JUSTIFICANTE GENERADO A TRAVÉS DE BANCA ELECTRÓNICA EL 20-10-2017 13:22:22.

ABANCA Corporación Bancaria S.A. NIF A70302039 - I.Rº.M. A Coruña, T. 3.426, F. 1, H. C-47.803, Insc.1ª. - Dom. Social: 15300. Betanzos, c/ Cantón Claudino Pita, nº 2 - Rº BB 2080 - www.abanca.com

ANEXO XI

MINISTERIO DE ECONOMIA Y HACIENDA

Agencia Tributaria
Teléfono: 901 33 55 33
www.agenciatributaria.es

# Retenciones e ingresos a cuenta del IRPF

**Rendimientos del trabajo y de actividades económicas, premios y determinadas ganancias patrimoniales e imputaciones de renta**

**Autoliquidación**

Modelo **111**

Declarante (1)

Devengo (2) — Ejercicio ... 2017 — Periodo..... 3T

Número de justificante: 1128465395960

NIF V70477419 — Apellidos y nombre o razón social: GRUPO PROVINCIAL BNG-ASEMBLEAS ABERTAS

Liquidación (3)

**I. Rendimientos del trabajo**

| | N.º de perceptores | Importe de las percepciones | Importe de las retenciones |
|---|---|---|---|
| Rendimientos dinerarios | 01 | 02 | 03 |

| | N.º de perceptores | Valor percepciones en especie | Importe de los ingresos a cuenta |
|---|---|---|---|
| Rendimientos en especie | 04 | 05 | 06 |

**II. Rendimientos de actividades económicas**

| | N.º de perceptores | Importe de las percepciones | Importe de las retenciones |
|---|---|---|---|
| Rendimientos dinerarios | 07 1 | 08 1.300,00 | 09 195,00 |

| | N.º de perceptores | Valor percepciones en especie | Importe de los ingresos a cuenta |
|---|---|---|---|
| Rendimientos en especie | 10 | 11 | 12 |

**III. Premios por la participación en juegos, concursos, rifas o combinaciones aleatorias**

| | N.º de perceptores | Importe de las percepciones | Importe de las retenciones |
|---|---|---|---|
| Premios en metálico | 13 | 14 | 15 |

| | N.º de perceptores | Valor percepciones en especie | Importe de los ingresos a cuenta |
|---|---|---|---|
| Premios en especie | 16 | 17 | 18 |

**IV. Ganancias patrimoniales derivadas de los aprovechamientos forestales de los vecinos en montes públicos**

| | N.º de perceptores | Importe de las percepciones | Importe de las retenciones |
|---|---|---|---|
| Percepciones dinerarias | 19 | 20 | 21 |

| | N.º de perceptores | Valor percepciones en especie | Importe de los ingresos a cuenta |
|---|---|---|---|
| Percepciones en especie | 22 | 23 | 24 |

**V. Contraprestaciones por la cesión de derechos de imagen: ingresos a cuenta previstos en el artículo 92.8 de la Ley del Impuesto**

| | N.º de perceptores | Contraprestaciones satisfechas | Importe de los ingresos a cuenta |
|---|---|---|---|
| Contraprestaciones dinerarias o en especie | 25 | 26 | 27 |

**Total liquidación:**

Suma de retenciones e ingresos a cuenta ( 03 + 06 + 09 + 12 + 15 + 18 + 21 + 24 + 27 ) .... 28 195,00

A deducir (exclusivamente en caso de autoliquidación complementaria):

Resultados a ingresar de anteriores autoliquidaciones por el mismo concepto, ejercicio y período .... 29

**Resultado a ingresar** ( 28 – 29 ) .... 30 195,00

Ingreso (4)

**Ingreso efectuado a favor del Tesoro público.** Cuenta restringida de colaboración en la recaudación de la AEAT de declaraciones-liquidaciones o autoliquidaciones.

**Importe del ingreso** .... (casilla 30) I 195,00

Forma de pago: ADEUDO EN CUENTA

**Código IBAN**

ES94 2080 0043 1630 4002 6661

Negativa (5)

☐ **Autoliquidación negativa**

Complementaria (6)

Si esta autoliquidación es complementaria de otra autoliquidación anterior correspondiente al mismo concepto, ejercicio y período, indíquelo marcando con una "X" esta casilla.

☐ **Autoliquidación complementaria**

En este caso, consigne a continuación el número de justificante identificativo de la autoliquidación anterior.

**Nº de justificante:**

Firma (7)

A Coruña, a 20 de outubro de 2017

Firma: [signature]

20800043 V70477419 00000000195,00EURO 20-10-2017 0043-16-3040026*** 050771 INGRESO

Ejemplar para el declarante

ANEXO VII

//ABANCA

**ANOTACION EN CUENTA**

| UNIDAD ORIGEN | FECHA | TIPO DE OPERACION | MONEDA | NÚMERO DE CUENTA |
|---|---|---|---|---|
| 0803 - BCA.ELECT.EMPS | 30-10-2017 | CARGO | EUR | IBAN ES94 2080 0043 1630 4002 6661 |

Mod. X60

| CONCEPTO | VALOR | IMPORTE |
|---|---|---|
| TRANSF. 1.378,00 EUR A ES32 0238 8210 9106 0000 5744<br>ORDENADA POR: GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO<br>A FAVOR DE: ALBERTO SANCHEZ REGUEIRO<br>REFERENCIA: 080T730309063511 | 31-10-2017 | 1.378,00 |
| TRANSFERENCIA SEPA (WEB EMPRESAS) | | 4,13 |
| CONCEPTO: PAGO DE FACTURA N.048. COMUNICACIONPOLIT. 2.0 E MARK. POLIT. ONLINE/O FLINE PARA O GP DO BNG-AA NA DEPUTAC. DA CORUÑA. OUTUBRO 2017 | | |
| | **TOTAL** | 1.382,13 |

GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO A
SAMBLEAS
AV.ALFEREZ PROVISIONAL, 2 PLANTA 3
PALACIO PROVINCIAL
15006 A CORUÑA
A CORUÑA

-0043-

Anotamos en su cuenta el importe indicado.

ABANCA Corporación Bancaria S.A.("la ENTIDAD") NIF A70302039- I.Rº.M. A Coruña, Tomo 3.426, F. 1, H.C-47.803, Insc.1ª. Dom. Social: 15300, Betanzos, c/Cantón Claudino Pita nº2 - RºBB 2080-www.abanca.com
OM00121E / 20171030/X




**Alberto Sánchez Regueiro**
**34894882H**
**Xermar 36**
**15185 Cerceda**
**A Coruña**

**FACTURA 048**
**data 27/10/2017**

**Grupo Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas**
**Avda. Alférez Provisional 2 - planta 3**
**Palacio Provincial - 15003 A Coruña**
**CIF: V70477419**

Comunicación política 2.0 e márketing político online/ofline para o grupo provincial do BNG_Asembleas Abertas na Deputación da Coruña no mes de outubro do 2017

* Vai anexada a xestión feita neste mes de outubro

subtotal 1.300 € IVE (21%) 273€ retención (15%) 195€ **total 1.378 €**

(IBAN): ES32 0238 8210 9106 0000 5744 - (BIC): PSTRESMM

## Xestión e publicacións nas redes do Grupo Provincial do BNG na Deputación da Coruña. 26/09 a 26/10

### Páxina web - depuacorunha.bng.gal

Publicacións

| Data | Titular |
|---|---|
| 26/09 | Publicadas no BOP as axudas para festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas |
| 26/09 | As subvencións para entidades de música popular e tradicional reparten 187.000 euros |
| 27/09 | Carlos Babío avanza os resultados da investigación sobre o espolio do Pazo de Meirás |
| 29/09 | O Plan Único reforza e garante a autonomía municipal, subliña Xosé Regueira |
| 29/09 | Vídeo: Xosé Regueira explica o POS+ 2017-18 |
| 3/10 | A Libraría de Mulleres Lila de Lilith, mellor Iniciativa Cultural pola Igualdade |
| 4/10 | Alumnas do Eusebio da Guarda da Coruña gañan o Concurso de Turismo Escolar |
| 5/10 | Federica Bau gaña o premio de Arte Gráfica pola "rotundidade estética e o dominio da técnica" na súa obra |
| 6/10 | Catorce bandas e grupos arrancan na Coruña o segundo Sea Sons Festival |
| 6/10 | Manuel Martínez Burgos gaña o Andrés Gaos coa súa obra «Daivat» |
| 8/10 | Atesourando a Palabra. Homenaxe Nacional a Paco Souto |
| 10/10 | Xoán Crespo gaña o premio Luís Ksado de fotografía |
| 17/10 | Manuel Martínez Burgos gaña o Andrés Gaos coa súa obra «Daivat» |
| 18/10 | Presentado o premio Concepción Arenal que incentiva un futuro sen discriminación nin violencia |
| 19/10 | Unha investigación da USC con apoio da Deputación elabora un mapa da veleutina en Galiza |
| 23/10 | Concellos+Sociais, Concellos+Iguais |
| 25/10 | Carlos Valcárcel, Fotógrafo Histórico da Deputación |
| 26/10 | Ánxela Franco pide responsabilidade aos concellos para xestionar máis recursos nos servizos sociais |
| 26/10 | Aumenta a demanda de teleasistencia, refórzase o servizo |

### Twitter - @bngdepuacorunha

| Período | Chíos | Impresións | Enagagement | Link clicks | Rtw | Likes | Replies |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 31 días (26/09-26/10) | 99 [propios] 266 total | 1.0K/día | 1,5% | 91 | 156 | 175 | 6 |

| Período | Seguidores | Visitas ao perfil | Mencións |
|---|---|---|---|
| 28 días (30/09-27/10) | 120 | 304 | 38 |

### Facebook - @bngdepuacorunha

| Período | Publicacións | Visitas á paxina | Gústame | Alcance | Seguidores |
|---|---|---|---|---|---|
| (29/09 - 26/10) | 41 (desde 27/09) | 41 | 7 | 2.285 | 7 |

### Instagram - @bngdepuacorunha

| Período | Publicacións | Seguidores |
|---|---|---|
| (26/09 - 26/10) | 40 | 7 |

### YouTube - @bngdepuacorunha

Publicacións

| Data | Titular |
|---|---|
| 29/09 | Xosé Regueira explica o POS+ Plan Único [versión longa 5'] |
| 29/09 | Xosé Regueira explica como se garante a autonomía municipal no POS+ Plan Único |
| 4/10 | Xosé Regueira explica onde se invisten os cartos do POS+ Plan Único |
| 8/10 | Entrevista da AELG en 2015 a Paco Souto, que recibirá unha homenaxe póstuma o 11 de novembro |
| 25/11 | Ánxela Franco na apertura das xornadas sobre servizos sociais na Coruña |

### iVOOX - @bngdepuacorunha

Publicacións

| Data | Titular |
|---|---|
| 23/10 | Declaracións de Ana Pontón en Fene diante do anuncio de moción de censura |
| 25/10 | Ánxela Franco na apertura das xornadas sobre servizos sociais |
| 27/10 | Carolina Buhigas detalla as novidades no programa de servizos sociais comunitarios (1) |
| 27/10 | Carolina Buhigas detalla as novidades no programa de servizos sociais comunitarios (2) |

.......................................................................................................................

ANEXO VIII

//ABANCA

**ANOTACION EN CUENTA**

| UNIDAD ORIGEN | FECHA | TIPO DE OPERACION | MONEDA | NÚMERO DE CUENTA |
|---|---|---|---|---|
| 0803 - BCA.ELECT.EMPS | 28-11-2017 | CARGO | EUR | IBAN ES94 2080 0043 1630 4002 6661 |

Mod. X60

| CONCEPTO | VALOR | IMPORTE |
|---|---|---|
| TRANSF. 1.378,00 EUR A ES32 0238 8210 9106 0000 5744<br>ORDENADA POR: GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO<br>A FAVOR DE: ALBERTO SANCHEZ REGUEIRO<br>REFERENCIA: 080T733209757319<br><br>TRANSFERENCIA SEPA (WEB EMPRESAS)<br><br>CONCEPTO: PAGO DE FACTURA N.062. COMUNICACIONPOLIT. 2.0 E MARK. POLIT. ONLINE/O FLINE PARA O GP DO BNG-AA NA DEPUTAC. DA CORUÑA. OUTUBRO 2017 | 28-11-2017 | 1.378,00<br><br>4,13 |
| | TOTAL | 1.382,13 |

GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO A SAMBLEAS
AV.ALFEREZ PROVISIONAL, 2 PLANTA 3
PALACIO PROVINCIAL
15006 A CORUÑA
A CORUÑA

-0043-

Anotamos en su cuenta el importe indicado.

ANEXO IX

//ABANCA

**ANOTACION EN CUENTA**

| UNIDAD ORIGEN | FECHA | TIPO DE OPERACION | MONEDA | NÚMERO DE CUENTA |
|---|---|---|---|---|
| 0803 - BCA.ELECT.EMPS | 28-11-2017 | CARGO | EUR | IBAN ES94 2080 0043 1630 4002 6661 |

Mod. X60

| CONCEPTO | VALOR | IMPORTE |
|---|---|---|
| TRANSF. 1.378,00 EUR A ES32 0238 8210 9106 0000 5744<br>ORDENADA POR: GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO<br>A FAVOR DE: ALBERTO SANCHEZ REGUEIRO<br>REFERENCIA: 080T733209757319<br>TRANSFERENCIA SEPA (WEB EMPRESAS)<br>CONCEPTO: PAGO DE FACTURA N.062. COMUNICACIONPOLIT. 2.0 E MARK. POLIT. ONLINE/O FLINE PARA O GP DO BNG-AA NA DEPUTAC. DA CORUÑA. OUTUBRO 2017 | 28-11-2017 | 1.378,00<br>4,13 |
| | TOTAL | 1.382,13 |

GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO A
SAMBLEAS
AV.ALFEREZ PROVISIONAL, 2 PLANTA 3
PALACIO PROVINCIAL
15006 A CORUÑA
A CORUÑA

-0043-

Anotamos en su cuenta el importe indicado.

ABANCA Corporación Bancaria S.A.("la ENTIDAD") NIF A70302039- I.Rº.M. A Coruña, Tomo 3.426, F. 1, H.C-47.803, Insc.1ª. Dom. Social: 15300, Betanzos, c/Cantón Claudino Pita nº2 - RºBB 2080-www.abanca.com
OM00121E / 20171128/X




**Alberto Sánchez Regueiro**
**34894882H**
**Xermar 36**
**15185 Cerceda**
**A Coruña**

**FACTURA 062**
**data 27/11/2017**

**Grupo Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas**
**Avda. Alférez Provisional 2 - planta 3**
**Palacio Provincial - 15003 A Coruña**
**CIF: V70477419**

Comunicación política 2.0 e márketing político online/ofline para o grupo provincial do BNG_Asembleas Abertas na Deputación da Coruña no mes de novembro do 2017

* Vai anexada a xestión feita neste mes de novembro

subtotal 1.300 € IVE (21%) 273€ retención (15%) 195€ **total 1.378 €**

(IBAN): ES32 0238 8210 9106 0000 5744 - (BIC): PSTRESMM

**Xestión e publicacións nas redes do Grupo Provincial do BNG na Deputación da Coruña, desde 27/10 a 26/11 (30 días)**

**Páxina web - depuacorunha.bng.gal**

Publicacións [Total: 26 publicacións]

| Data | Titular |
|---|---|
| 27/10 | Xosé Regueira: "No domingo negro dos incendios non estaba funcionando nin o 20% do operativo" |
| 27/10 | O pleno acorda financiar o acondicionamento do Camiño dos Faros que une Malpica con Fisterra |
| 29/10 | Goretti Sanmartín destaca o labor do Museo do Pobo á hora de transmitir a identidade colectiva |
| 30/10 | A Deputación da Coruña apoia por primeira vez Cineuropa, que reforza a marca de Santiago |
| 2/11 | O Museo do Mar de Laxe, que conserva o arquivo de Plácido e José María Vidal, mellorará as súas instalacións |
| 3/11 | Ánxela Franco avanza unha ambiciosa aposta pola igualdade de xénero |
| 6/11 | Aberto o prazo de presentación de candidaturas ao premio Marcelino Liste |
| 6/11 | "Tíralle da Lingua" impulsará o uso do galego entre a xente nova |
| 7/11 | Antonio Piñeiro gaña o Torrente Ballester en galego con "A través do fume" |
| 8/11 | Xosé Regueira selou en Cabo Vilán o impulso da Deputación o Camiño dos Faros |
| 10/11 | O concurso de ideas Luísa Villalta promoverá a igualdade a través de proxectos culturais |
| 12/11 | Xosé Regueira falará este luns no Farway sobre a coordinación pública na xestión do Camiño Inglés |
| 13/11 | Setenta técnicos das áreas de cultura dos concellos inician o plan formativo da Deputación |
| 13/11 | Xosé Regueira advirte: "Nos Camiños tamén hai patrimonio e temos que protexelo" |
| 14/11 | Trinta e dous concellos coruñeses conforman xa a Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás |
| 15/11 | Sanmartín pide activar "os mecanismos da loita antiterroristas na situación de emerxencia da violencia machista" |
| 16/11 | "Hemisferios" reúne oito voces femininas a próxima semana no Colón |
| 17/11 | "Despois das ondas" de Ernesto Is gaña o Premio Rafael Dieste |
| 20/11 | "Son Muller" [Video] |
| 21/11 | Fátima Martín e Ana Rivera gañan ex aequo a XXIX edición do Torrente Ballester |
| 21/11 | "O Pazo de Meirás é o símbolo do macroespolio que levou a cabo a familia Franco en Galiza" |
| 22/11 | Marilar Aleixandre gaña o XI Premio Raíña Lupa coa novela "A filla do Minotauro" |
| 22/11 | Ánxela Franco: "Sen inversión social real non podemos loitar contra todas as violencias contra as mulleres" [con video] |
| 23/11 | Xosé Regueira promociona os xeodestinos coruñeses nun encontro da Unión Europea en Istambul |
| 24/11 | "Somos capaces de investir nos concellos máis que nunca na historia desta Deputación" |
| 25/11 | Goretti Sanmartín, vicepresidenta da Deputación, lembra no debate dos orzamento [Video] |

**Twitter - @bngdepuacorunha**

| Período | Chíos | Impresións | Enagagement | Link clicks | Rtw | Likes | Replies |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 30 días (27/10-25/11) | 242 | 1.2K/día | 1,6% | 117 | 238 | 250 | 10 |

| Seguidores | Visitas ao perfil | Mencións |
|---|---|---|
| 163 (+43) | 304 (1-25/11) | 103 (1-25/11) |

**Facebook - @bngdepuacorunha**

| Período | Publicacións | Visitas á paxina | Gústame | Alcance | Seguidores |
|---|---|---|---|---|---|
| (27/10-25/11) | 59 (desde 27/10) | +216 (a 23/11) | +15 (a 23/11) | 5.357 (a 23/11) | +16 (a 23/11) |

**Instagram - @bngdepuacorunha**

| Período | Publicacións | Seguidores |
|---|---|---|
| (27/10-25/11) | 80 | 23 |

**YouTube - @bngdepuacorunha** [total: 5 publicacións]

27/10: Regueira sobre a política do PP para o rural galego no Pleno do 27 de outubro.
27/10: Regueira denuncia o uso político dos lumes por parte do PP no Pleno do 27 de outubro
03/11: Ánxela Franco presenta Compartimos Plan
22/11: Ánxela Franco sobre políticas de igualdade
23/11: Goretti Sanmartín no debate dos orzamentos 2018

**IVOOX - @bngdepuacorunha** [total: 11 publicacións]

27/10: Xosé Regueira recoñece a labor social e a frescura de CUAC FM
27/10: Xosé Regueira sobre o dispositivo antiincendios no domingo negro dos lumes
03/11: Ánxela Franco presenta o programa COMPARTIMOS PLAN
03/11: Eva Obenza explica obxectivos do programa COMPARTIMOS PLAN
03/11: Eva Garabal, de Deloga, na presentación de COMPARTIMOS PLAN
03/11: Marta Piñeiro fala da metodoloxía de COMPARTIMOS PLAN
22/11: Goretti Sanmartín no Parlamento Europeo sobre o Pazo de Meirás (parte I)
22/11: Goretti Sanmartín no Parlamento Europeo (parte II). Sobre as iniciativas tomadas desde a Deputación.
22/11: Goretti Sanmartín no Parlamento Europeo (parte III, final). As razóns da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás
24/11: Xosé Regueira defende os Orzamentos 2018
24/11: Xosé Regueira fala no pleno dos Orzamentos das limitacións que o PP impón desde Madrid

//ABANCA

**ANOTACION EN CUENTA**

| UNIDAD ORIGEN | FECHA | TIPO DE OPERACION | MONEDA | NÚMERO DE CUENTA |
|---|---|---|---|---|
| 0803 - BCA.ELECT.EMPS | 28-11-2017 | CARGO | EUR | IBAN ES94 2080 0043 1630 4002 6661 |

Mod. X60

| CONCEPTO | VALOR | IMPORTE |
|---|---|---|
| TRANSF. 1.378,00 EUR A ES32 0238 8210 9106 0000 5744<br>ORDENADA POR: GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO<br>A FAVOR DE: ALBERTO SANCHEZ REGUEIRO<br>REFERENCIA: 080T733209757319<br><br>TRANSFERENCIA SEPA (WEB EMPRESAS)<br><br>CONCEPTO: PAGO DE FACTURA N.062. COMUNICACIONPOLIT. 2.0 E MARK. POLIT. ONLINE/O FLINE PARA O GP DO BNG-AA NA DEPUTAC. DA CORUÑA. OUTUBRO 2017 | 28-11-2017 | 1.378,00<br><br>4,13 |
| | TOTAL | 1.382,13 |

GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO A SAMBLEAS
AV.ALFEREZ PROVISIONAL, 2 PLANTA 3
PALACIO PROVINCIAL
15006 A CORUÑA
A CORUÑA

-0043-

Anotamos en su cuenta el importe indicado.

ANEXO X

ABANCA Corporación Bancaria S.A.("la ENTIDAD") NIF A70302039- I.Rº.M. A Coruña, Tomo 3.426, F. 1, H.C-47.803, Insc.1ª, Dom. Social: 15300, Betanzos, c/Cantón Claudino Pita nº2 - RºBB 2080-www.abanca.com
OM00121E / 20171128/X

ANEXO XI

//ABANCA

Justificante de Operación

| FECHA OPERACIÓN: | FECHA VALOR: | TIPO OPERACIÓN: | IMPORTE: | DIVISA: |
|---|---|---|---|---|
| 15-12-2017 | 16-12-2017 | COMIS.MANTENIM. | -29,00 | EUR |

| IBAN | Código internacional de cuenta bancaria | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ES94 | 2080 | 0043 | 1630 | 4002 | 6661 |

**- De utilización en todas las transacciones internacionales.**
**- Aporta mejoras en cuento a velocidad y costes.**

DESCRIPCIÓN: COMISION MANTENIMIENTO 16-12-2017
REFERENCIA: -

Este impreso constituye únicamente un justificante del apunte en su cuenta. Algunas operaciones (transferencias, liquidaciones, pagos domiciliados, etc.) tienen un justificante detallado que se genera transcurridos unos días y que sustituye a este documento.

JUSTIFICANTE GENERADO A TRAVÉS DE BANCA ELECTRÓNICA EL 18-12-2017 12:04:24.

ANEXO XII

//ABANCA

Justificante de Operación

| IBAN | Código internacional de cuenta bancaria | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ES94 | 2080 | 0043 | 1630 | 4002 | 6661 |

- De utilización en todas las transacciones internacionales.
- Aporta mejoras en cuanto a velocidad y costes.

| FECHA OPERACIÓN: | FECHA VALOR: | TIPO OPERACIÓN: | IMPORTE: | DIVISA: |
|---|---|---|---|---|
| 15-12-2017 | 16-12-2017 | COMIS.ADMINIST. | -2,40 | EUR |

DESCRIPCIÓN: COMISION ADMINISTRACION 16-12-2017
REFERENCIA: -

Este impreso constituye únicamente un justificante del apunte en su cuenta. Algunas operaciones (transferencias, liquidaciones, pagos domiciliados, etc.) tienen un justificante detallado que se genera transcurridos unos días y que sustituye a este documento.

JUSTIFICANTE GENERADO A TRAVÉS DE BANCA ELECTRÓNICA EL 18-12-2017 12:04:45.




**Alberto Sánchez Regueiro**
**34894882H**
**Xermar 36**
**15185 Cerceda**
**A Coruña**

ANEXO XIII

**FACTURA 071**
**data 18/12/2017**

**Grupo Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas**
**Avda. Alférez Provisional 2 - planta 3**
**Palacio Provincial - 15003 A Coruña**
**CIF: V70477419**

35.000 boletíns informativos, que consta de 8 páxinas en tamaño A4
impresos a toda cor en papel offset superior de 120 gr
"mellorar a cooperación dos concellos e a atención ás persoas é o noso obxectivo"

- Deseño gráfico 1.150 €
- Maquetación gráfica 550 €
- Realización, impresión e manipulado 9.239 €

subtotal 10.939 € IVE (21%) 2.297,19 € retención (15%) 1.640,85 € **total 11.595,34€**

(IBAN): ES32 0238 8210 9106 0000 5744 - (BIC): PSTRESMM

BNG Asembleas Abertas

**CONTRATO PARA A ELABORACIÓN, IMPRESIÓN, DESEÑO E MAQUETACIÓN DUN BOLETÍN INFORMATIVO DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA DESDE O GRUPO PROVINCIAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

En Coruña, a dezaseis de outubro de dous mil dezasete.

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Xosé Regueira Varela, portavoz do grupo provincial do BNG-AA na Deputación da Coruña, co DI nº 52435437K.

Doutra parte, D. Alberto Sánchez Regueiro, co nº de DI 34894882H, con domicilio a efectos de notificacións en Xermar 36, 15185 Cerceda.

OBRAN:

Xosé Regueira Varela en nome e representación do grupo provincial do BNG-AA na Deputación da Coruña.

Alberto Sánchez Regueiro, en nome e representación de *Distrito Xermar-Alberto Sánchez Regueiro,* manifestando ter plena capacidade para contratar e non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade e incapacidade que determinar as disposicións vixentes na matéria.

ANTECEDENTES:

1. O prego coas condicións e cláusulas administrativas que rexe a presente contratación foi enviado ás tres empresas por igual e foron as propostas polo grupo provincial do BNG-AA para poder desenvolver o traballo ao que se refire.
2. Mediante acordo do devandito grupo provincial, propúxose a adxudicación da prestación do servizo a *Distrito Xermar-Alberto Sánchez-Regueiro.* Por considerar que a súa oferta era a máis valorada e polo tanto máis acaída por parte do grupo provincial.

E convindo ámbalas dúas partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente contrato, formalízano no presente documento administrativo e con sometemento ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- D. Alberto Sánchez Regueiro comprométese á elaboración impresión, deseño e maquetación dun boletín informativo da actividade desenvolvida desde o GP do BNG-AA na Deputación da Coruña, con sometemento ao prego de cláusulas para a presente contratación, que obra no expediente, así como ao contido completo da proposta presentada pola empresa á que representa, documentos que forman parte do presente contrato e que acepta ser reserva algunha.

SEGUNDA.- O prezo total do contrato é de 13.236,19 €, dos que 10.939 € corresponden ao prezo e 2.297,19 € corresponde ao IVE (21%).

TERCEIRA.- O pago será efectuado nun pago único, previa presentación do boletín, factura correspondente e entrega da publicación nos lugares acordados.

CUARTA.- O prazo de execución/elaboración do boletín será dentro do 4º trimestre do ano 2017 e, sempre antes do 20 de decembro, agás por cuestións imputables ao GP do BNG-AA.

E para a debida constancia de todo o convido, asinan o presente contrato.

Xosé Regueira Varela

polo BNG-AA

Alberto Sánchez Regueiro

O adxudicatario

A Coruña, 16 de outubro de 2017

# SOLICITUDE DE OFERTA

Desde o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (BNG-AA) na Deputación da Coruña, queremos convidar á súa empresa para unha SOLICITUDE DE OFERTA ao respecto da contratación para elaboración/impresión, maquetación e deseño dun boletín sobre a actividade desenvolvida desde as áreas que preside o BNG-AA na institución provincial.

Para os efectos oportunos achegamos a presente comunicación e agradecemos, máis unha vez, a súa atención e colaboración.

Sen outro particular,

Asdo.: Xosé Regueira Varela

Voceiro provincial do grupo do BNG-AA

A Coruña, 2 de outubro de 2017

Asembleas
— Abertas

## SOLICITUDE DE OFERTA

**Contratación de empresa para a elaboración/impresión, deseño e maquetación dun boletín informativo da actividade desenvolvida desde o grupo provincial do BNG-Asembleas Abertas na Deputación da Coruña.**

Co obxecto de contratar estes traballos solicítaselle oferta económica detallada.

**OBXECTO DO CONTRATO:** elaboración/impresión, deseño e maquetación dun boletín informativo que conteña información da actividade desenvolvida desde GP do BNG-AA. Tamaño en pechado A4, con un mínimo de 4 páxinas e máximo de 12.

**PREGO DE CONDICIÓNS:** O contrato executarase con arranxo ao prego de condicións que figuran no anexo I, que ten carácter contractual.

**PRESUPOSTO:** O presuposto máximo do contrato é de:

- Presuposto sen IVE: 11.455 €
- IVE (21%)
- Presuposto TOTAL (A+B) : 14.500€

**LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS:**

A proposta deberá ser remitida ao correo electrónico: grupo.bng@dacoruna.gal, por correo ordinario ou ben achegando directamente a oferta na seguinte dirección:

Deputación da Coruña (Pazo Provincial)
A/AT. Grupo provincial do BNG_Asembleas Abertas
Avda Porto da Coruña, nº 2
15003 – A Coruña

O prazo para presentar as ofertas será de 8 días naturais desde a recepción desta solicitude.

Asembleas
— Abertas

**CRITERIOS DE VALORACIÓN:**

Para esta contratación terase en conta a oferta máis ventaxosa segundo:

1. Prezo da unidade (ate 30 puntos) atendendo á/ao:
    - Número de exemplares ofertados a maiores dos 30.000 exemplares.
    - Papel empregado.
    - Número de páxinas do boletín (mín.4, máx 12)
2. Atendendo ao prezo para deseño e maquetación (ate 20 puntos)
3. Facilidade de entrega da publicación en distintos puntos da provincia (ate 10 puntos)

Asembleas
— Abertas

**ANEXO I**

**PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE EMPRESA PARA A REALIZACIÓN DUN BOLETÍN INFORMATIVO SOBRE A ACTIVIDADE DESENVOLVIDA POLO GRUPO DO BNG-AA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**

**OBXECTO.-** O Grupo o BNG na Deputación da Coruña, co obxecto de mellorar o grao de coñecemento do traballo que está a desenvolver desde a institución provincial e ter unha maior difusión do seu traballo, ve necesario a realización dun boletín, onde se detalle de maneira concisa, atractiva e clara as principais liñas de actuación desde as distintas áreas de goberno que dirixe o BNG-AA. Así para tal fin precisa da contratación dunha empresa especializada que desenvolva a impresión así como o deseño e maquetación da devandita publicación.

**OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.-**

Facer unha maquetación e deseño atractivo, que facilite a lectura e a acollida da publicación por parte do cidadán.

Desenvolver a información facilitada, dando especial relevancia a aquelas ideas ou propostas que se consideren principais desde o GP do BNG-AA. Combinando textos e imaxes que dinamicen e faciliten a lectura da publicación.

Empregar únicamente aqueles dados e imaxes que sexan facilitadas desde o GP do BNG-AA.

Atender todas aquelas demandas que se fagan desde o GP do BNG-AA ao respecto de incorporación ou eliminación de información que se considere de maior ou menor relevancia para a súa inclusión ou non no devandito boletín.

A súa elaboración do boletín será no 4º trimestre do ano 2017, e será en todo caso entregado antes do 20 de decembro. Agás que a súa non elaboración e/ou publicación, deseño ou maquetación, sexán por razóns imputables ao GP do BNG-AA.

**OBRIGAS DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG-AA.-**

Facilitar á empresa contratada toda aquela información/documentación, así como material fotográfico para a realización da publicación obxecto do presente contrato.

Colaborar na coordinación e selección de contidos a incluir na publicación.

**FORMA DE PAGO.-**

O Grupo Provincial do BNG_Asembleas Abertas aboará o prezo do contrato nun único pago a realizar unha vez suministrada a publicación nos lugares acordados e presentada a correspondente factura.

**Asunto:**PETICIÓN DE OFERTA. BOLETÍN
**Fecha:**Mon, 2 Oct 2017 12:59:19 +0200
**De:**Grupo BNG <grupo.bng@dacoruna.gal>
**Para:**info@zlick.net

AO COIDADO DA PERSOA RESPONSÁBEL DA EMPRESA ZLICK TOOLS FOR CREATIVITY

Estimada Señora/ Estimado Señor:

Pola presente queremos facerlle chegar convite para a presentación de OFERTA ao contrato denominado "Elaboración/impresióon, maquetación e deseño dun boletín sobre a actividade desenvolvida desde as áreas que preside o BNG-AA na Deputación da Coruña". O prazo para a presentación da oferta será de 8 días naturais desde a recepción deste correo.

Achegamos documentación anexa.

***BNG-Asembleas Abertas***
***Grupo provincial da Deputación da Coruña***

A Coruña, 2 de outubro de 2017

**Asunto:**PETICIÓN DE OFERTA. BOLETÍN
**Fecha:**Mon, 2 Oct 2017 12:59:10 +0200
**De:**Grupo BNG <grupo.bng@dacoruna.gal>
**Para:**info@distritoxermar.net

AO COIDADO DA PERSOA RESPONSÁBEL DA EMPRESA DISTRITO XERMAR

Estimada Señora/ Estimado Señor:

Pola presente queremos facerlle chegar convite para a presentación de OFERTA ao contrato denominado "Elaboración/impresióon, maquetación e deseño dun boletín sobre a actividade desenvolvida desde as áreas que preside o BNG-AA na Deputación da Coruña". O prazo para a presentación da oferta será de 8 días naturais desde a recepción deste correo.

Achegamos documentación anexa.

***BNG-Asembleas Abertas***
***Grupo provincial da Deputación da Coruña***

A Coruña, 2 de outubro de 2017

**Asunto:** PETICIÓN DE OFERTA. BOLETÍN
**Fecha:** Mon, 2 Oct 2017 12:59:15 +0200
**De:** Grupo BNG <grupo.bng@dacoruna.gal>
**Para:** torculo@torculo.com

AO COIDADO DA PERSOA RESPONSÁBEL DA EMPRESA TORCULO

Estimada Señora/ Estimado Señor:

Pola presente queremos facerlle chegar convite para a presentación de OFERTA ao contrato denominado "Elaboración/impresióon, maquetación e deseño dun boletín sobre a actividade desenvolvida desde as áreas que preside o BNG-AA na Deputación da Coruña". O prazo para a presentación da oferta será de 8 días naturais desde a recepción deste correo.

Achegamos documentación anexa.

***BNG-Asembleas Abertas***
***Grupo provincial da Deputación da Coruña***

A Coruña, 2 de outubro de 2017

FE.BE.ZK.SL
TOOLS FOR CREATIVITY
B70162029
PORTA DE AIRES 15 B
15001 A CORUÑA
INFO@ZLICK.NET +34 881 897 796

Zlick TOOLS FOR CREATIVITY

# ORZAMENTO

DATA: 6 de Outubro de 2017
NÚMERO: 17/0203

CLIENTE
Grupo Provincial BNG-AA

AREA PRINT

| Descripción | Cantidade | unidade | Importe |
|---|---|---|---|
| OFERTA 1<br>Atendendo a petición de oferta para a elaboración dunha publicación que verse sobre a actividade desenvolvida polo BNG-AA fago constar:<br>Acepto as condicións que figuran no Anexo I coas seguintes puntializacións: | | | |
| **Prezo o indicado na solicitude de Oferta**<br>**Número de Exemplares 30000**<br>**Punto de recollida único a indicar polo grupo provincial do BNG. Dentro da Provincia da Coruña** | 1 | ### | 11.983,47 |

| | |
|---|---|
| SUBTOTAL | 11.983,47 |
| I.V.E | 2.516,53 |
| TOTA1 | 14.500,00 |

**Observacions**

Firmado Marcos Ferreiro Gómez , Administrador

"En cumplimiento de lo establecido en la L.O. 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Personal, fe.be.zk sl le informa que sus datos han sido automatizado con la finalidad de prestar y ofrecer nuestros servicios. Los datos recogidos son almacenados bajo la confidencialidad y las medidas de seguridad legalmente establecidas y no serán cedidos ni compartidos con empresas ni entidades ajenas a

Igualmente deseamos informarle que podrá ejercer los derechos de acceso, rectificación cancelación u oposición a través de los siguientes medios • E-mail: info@zlick.es • Comunicación escrita al responsable legal del fichero: fe.be.zk sl Porta de Aires 15 15001 A Coruña"

"Por favor cuida el medio ambiente y no imprimas esta factura salvo que resulte necesario"




**Alberto Sánchez Regueiro**
**Xermar 36 · 15185 Cerceda · A Coruña**
**34894882H**

**Deputación da Coruña**
**Grupo Provincial do**
**BNG- Asembleas Abertas**

DESEÑO DO BOLETÍN DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS

- Deseño, maquetación e realización de boletíns tamaño A4 pechado e impresos a toda cor.
  Constando de 8 páxinas impresas en papel "offset superior" de 120 gr.
- A maiores do solicitado entregaranse 5.000 unidades máis, en total 35.000 unidades a entregar ata en 5 puntos distintos da provincia da Coruña.
- O deseño gráfico e a estética do boletín adecuarase as cores corporativas de dito partido e a tipografía (se a houbese)

10.939 €

estos prezos son sen IVE

Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.
Vía Édison, 33-35
(Polígono Industrial do Tambre)
15890 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 902 905 024 • F. 981 575 693
www.torculo.com • torculo@torculo.com
CIF: A15056393

1982-2017 TRINTA E CINCO ANOS IMPRIMINDO FUTURO
tórculo

imprenta verde

**Fecha Presupuesto:** 09/10/2017

**Nº Presupuesto :** **1618930**

**Cód. Cliente:** 22377

GRUPO BNG DA DEPUTACION DA CORUÑA
-
- -
-
-
FAX:
A/A: -

**Concepto:** IMPRESION FOLLETOS GRAMPADOS
**Formato de archivo a entregar:** PDF LISTO
**Formato (ancho x alto):** A4
**Nº Paginas:** 12
**Papel Interior:** ESTUC. BRILLO 100 GR
**Papel Portada:**
**Impresión:** 4/4
**Acabado:** GRAMPADOS
**Observaciones**

| CANTIDAD | P.UNITARIO | PRECIO TOTAL |
|---|---|---|
| 30.000 | 0,36667 € | 11.000,00 € |

Los presupuestos de maquetación son orientativos y podrán sufrir modificaciones una vez recepcionados los originales, al igual que para pantones y tintas especiales.
Las cantidades podrán sufrir una variación de más o menos un 2% de la cantidad solicitada, el cual estaría dentro de los márgenes de producción consideradas como tolerables. En ningún caso obligaría a reprocesar la cantidad fabricada de menos y permitiría facturar la cantidad sobrante, previo acuerdo con el cliente.
El plazo de entrega se fijará una vez confirmadas las pruebas, que deberán estar firmadas por el cliente.
Este presupuesto incluye dos pruebas
Presupuesto válido durante 30 días. I.V.A. no incluido.

**FORMA DE PAGO:**

Si está conforme con el presupuesto, envíenos este impreso firmado.

**Conforme cliente ***

firma

# Anexo I

La ejecución del presente pedido se sujeta a las Normas y Condiciones Generales de Contratación, Distribución y Venta, admitidas y practicadas como usos de comercio por las industrias gráficas, y que figuran a continuación:

**1. Precio y aceptación de pedido**

- Los presupuestos que no produzcan inmediato encargo por el cliente, se entenderán caducadas a los 30 días de su fecha.

**2. Suspensiones**

- El comprador no podrá suspender, anular, aplazar ni variar el pedido firme sin la voluntaria aceptación y conformidad escrita de Tórculo.

**3. Entrega de originales o muestras**

- El comprador responderá de los perjuicios ocasionados a Tórculo por el incumplimiento de los plazos convenidos para la entrega de originales, pruebas, materias primas, etc.

**4. Tolerancias oficiales**

- En cantidad: podrán variar hasta un 5 por 100, en más o en menos, con relación a lo pedido. El hecho de entregar ejemplares de menos no conlleva para Tórculo la repetición de los mismos.
- Grueso, peso: Podrán variar hasta un 5 por 100, en más o en menos, el grueso y peso de los papeles y demás materiales utilizados en cada trabajo.
- Tonos, brillo, dureza, satinaje: queda establecido que serán admisibles aquellas variaciones que representen prudenciales diferencias poco ostensibles a simple vista.

**5. Modificación del precio**

- Cualquier modificación de las características iniciales del trabajo supondrá una variación en el presupuesto, que deberá se comunicada al cliente para que este la valide y el trabajo pueda ser ejecutado.

**6. Pruebas**

- La prueba es un documento cuya finalidad es la verificación por parte del cliente de textos, colores y demás elementos gráficos. La firma física o digital por parte del cliente conlleva la aceptación del trabajo en esas condiciones.
- Las pruebas podrán ser físicas o en formato digital dependiendo del tipo de producto gráfico. Las pruebas de color se realizarán con el sistema GMG para garantizar su fiabilidad, lo cual tendrá un coste asociado.

**7. Plazos de entrega**

- Los plazos empezarán a contarse desde el día en que el Tórculo haya recibido del comprador la prueba firmada.
Las circunstancias de fuerza mayor y otro hecho o hechos que hubiesen impedido, por causas insuperables, el desarrollo normal del trabajo, eximen de responsabilidad a Tórculo.

**8. Pedidos paralizados**

- Cuando un pedido no pudiera ser cursado por causas imputables al comprador o cuando se dejase en suspenso o nulo el pedido, Tórculo podrá dar movimiento, descomponer o distribuir, a costa del cliente, los materiales, así como aceptar a cambio el importe de los gastos que habrá de ser abonado por el comprador.

**9. Pago**

- El plazo y forma de pago se entenderá según lo aceptado en el presupuesto

**10. Reclamaciones**

- El comprador deberá examinar detenidamente la calidad y cantidad de la mercancía recibida
- Las reclamaciones deberán formularse por escrito dentro de los 15 días siguientes a la fecha de recibo del pedido.
- El recibo de una partida de productos parcialmente defectuosa no puede ser motivo de rechazo total.
- Los clientes que aporten las primeras materias responderán de sus vicios o defectos y vendrán obligados a entregar el aumento de material necesario para cubrir los normales desperdicios.

**11. Falta de pago**

- La falta de pago del comprador o la puesta de manifiesto de su insolvencia concederán a Tórculo, además de las acciones legales pertinentes, la exención del cumplimiento de sus compromisos con el comprador.

**12. Derechos de propiedad**

- El comprador está obligado a aceptar la impresión del pie de imprenta y a garantizar al vendedor contra toda reclamación o litigio por derechos de propiedad, reproducción, autor y otros análogos.

**13. Competencia jurisdiccional**

- Los Tribunales competentes para dirimir o intervenir en cualesquiera cuestiones derivadas de asuntos mercantiles, será los que realicen en la localidad en que se halle domiciliada la empresa Tórculo.

ANEXO XIII

# MELLORAR A COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ATENCIÓN AS PERSOAS É O NOSO OBXECTIVO

bng

GRUPO DO
BNG-ASEMBLEAS ABERTAS
DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA



## O BNG aposta pola autonomía local e a transparencia na Deputación

**Servizos Sociais Comunitarios: Unha aposta pola cobertura universal**

**O Plan Único supón o fin do clientelismo**

**A Deputación da Coruña: o principal mecenas das artes escénicas**

Vicepresidenta da Deputación e responsábel das áreas de Cultura e Lingua, a nacionalista Goretti Sanmartín resume a súa xestión no ecuador do goberno apuntando a un cambio radical que se concreta en máis democracia, máis diálogo, máis autonomía local, máis transparencia e políticas que pensan nas persoas e nos concellos, de maneira singular, nos máis pequenos e con maiores necesidades.

Ademais de Goretti Sanmartín, o grupo do BNG da Deputación da Coruña está composto por Xosé Regueira, á fronte das áreas de Cooperación, Plans Provinciais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico Artístico; Ánxela Franco, que é responsábel de Benestar Social, Educación e Politicas de Igualdade de Xénero; Xesús Soto, deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento e Manuel Muíño en Asistencia a Municipios. En total, un grupo de cinco persoas que están a darlle unha volta á xestión da Deputación da Coruña, no camiño dun progresivo "adelgazamento" que concede unha total autonomía aos concellos como gobernos elixidos democraticamente, de acordo co programa do BNG.

"Mentres existan, as deputacións poden contribuír a mudar a realidade e a un cambio de modelo máis social, xusto e igualitario. Cara a ese obxectivo se dirixe a nosa acción de goberno que se centra nos concellos, de maneira especial nos pequenos, e nas persoas, co Plan Único de Concellos como epicentro da nova

GRUPO DO
BNG-ASEMBLEAS ABERTAS
DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

maneira de entender a Deputación", sinala Goretti Sanmartín á hora de resumir os dous anos de xestión na institución.

O Plan Único é, desta maneira, o principal exemplo dunha política que afonda na autonomía local e na necesidade de dotar de maiores competencias os concellos, que teñen capacidade de tomar as súas propias decisións. "O Plan Único, que transfire os orzamentos a través de criterios obxectivos, supón o fin do clientelismo e desa imaxe obsoleta da Deputación que responde aos intereses partidarios de quen a goberna, o que, xunto cunha moi relevante redución de subvencións nominativas –o acordo de goberno contempla un máximo de 5% do orzamento, supón a defensa da democracia e a transparencia na institución", explica Goretti Sanmartín.

O "adelgazamento" do que fala o BNG materialízase non só por medio do Plan Único senón tamén pola transferencia de patrimonio, a comezar, en moitos dos casos, co traspaso da xestión aos concellos dos principais bens da Deputación como o Castelo de Vimianzo, as Torres do Allo de Zas, ou o mosteiro de Caaveiro na Capela.

Unha Deputación para as persoas con especial atención ás máis necesitadas é o lema do BNG como se comproba no incremento experimentado polo financiamento aos Servizos Sociais Comunitarios dos concellos para os que no vindeiro ano 2018 achegará sete millóns de euros con destino á poboación dos concellos de menos de 20.000 habitantes. A xustiza é o obxectivo de políticas sociais que apostan tamén pola igualdade de mulleres e homes, traballando man a man con entidades, con proxectos novos e unh especial O proxecto de Diagnose e Plan de Acción das Políticas de Igualdade de Xénero supón, neste sentido, un paso adiante para coñecer a realidad e poder mudala.

O BNG puxo tamén a loita contra a violencia de xénero no centro da súa acción de goberno e, neste sentido, ademais doutras iniciativas e proxectos, activa o programa socioeducativo "Suprime o control" ou a campaña "Quen dixo medo?", que se desenvolve en corenta concellos.

Pasos adiante no proceso de normalización lingüística estanse a dar a través de numerosas iniciativas mais, de maneira especial, coa aprobación da primeira Ordenanza de Usos do Galego que suporá un cambio substancial á hora de normalizar o seu uso na propia administración.









# XIRO RADICAL NA POLÍTICA CULTURAL: A CULTURA É UN DEREITO

Cultura en cada concello, cultura para todas as persoas é o lema que preside a posta en marcha dun novo modelo en que o acceso e a vivencia da cultura se considera un dereito. Con este fin impulsamos unha nova política de axudas a concellos e entidades e desenvolvemos a programación dunha Rede Cultural fortalecida e actualizada, que garante unha ampla oferta de cinema, teatro, música e danza en todos os concellos.

Desde a área de Cultura construímos cultura de mans dadas: coas entidades representantes dos sectores, con creadores e creadoras e coa sociedade en xeral á que está destinada a nosa política. As liñas de axudas promovidas desde a área que preside Goretti Sanmartín orientáronse nestes dous anos á concorrencia competitiva, con criterios claros e transparentes, sen discrecionalidade, e apoian as asociacións que crean desde a base, as entidades da cultura popular e tradicional, aos festivais de música, cinema e artes escénicas, ademais de dotar de persoal técnico aos museos e centros de interpretación municipais e ás propias áreas de cultura dos concellos.

Outra liña esencial é o apoio á formación e á creación, a través dos premios e bolsas de investigación e creación artística. "Queremos que a cultura chegue a todos os concellos e a todas as persoas e iso é o que conduce o noso traballo, que desenvolvemos de mans dadas cos propios concellos, co tecido asociativo e con todas as persoas que contribúen á gran creatividade da nosa cultura", sinala Goretti Sanmartín.

## CULTURA COMO FERRAMENTA PARA A IGUALDADE

"Queremos que a cultura sexa unha ferramenta para a igualdade e, por iso, botamos a andar dúas iniciativas das que nos gabamos, como son o Premio Begoña Caamaño e o Concurso de ideas Luísa Villalta de proxectos culturais pola igualdade", defende Goretti Sanmartín de dúas iniciativas que botou a andar a Deputación da Coruña neste mesmo ano. A igualdade é, alén disto, un principio transversal a todas as actuacións, tanto nas programacións propias como nos xurados de premios e bolsas ou na mesma maneira de concibir as accións en política cultural.

## A LINGUA COMO PRIORIDADE

A aprobación definitiva, en setembro de 2017, da ordenanza de uso da lingua galega, o documento oficial que impulsa e inclúe o uso da nosa lingua en todos os ámbitos de actuación supón subir un importante chanzo para fomentar o uso do galego na Deputación da Coruña. A ferramenta, de especial relevancia, acompaña iniciativas de colaboración con asociación e proxectos de dinamización lingüística como o Correlingua, Youtubeir@s ou Tíralle da Lingua e entidades como a Mesa pola Normalización Lingüística, a AS-PG ou a Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización Lingüística para promover o uso do galego, de maneira especial, entre a xente nova. Coa MNL participou no proxecto Tosta de linguas minorizadas.

Outra das liñas fundamentais é o financiamento dos Servizos de Normalización Lingüística dos concellos aos que destina un total de 456.000 €. En total, 49 concellos e unha mancomunidade son os beneficiarios da liña da Deputación que duplicou a axuda que se lle concede aos concellos con destino aos servizos, de 6 a 12.000 €. Ademais, impulsamos o concurso Quero Cantar, que quere contribuír ao uso do galego entre nenos e nenas por medio da canción cun singular suceso na súa segunda edición que demostra que o concurso "da ra" medra cada ano.

## CULTURA DE MANS DADAS COS CONCELLOS

A través da Deputación da Coruña garántese unha boa oferta cultural en todos os concellos, por medio da Rede Cultural –dotada con 2 millóns de euros-, o novo programa expositivo DAC_Visuais e a liña específica de apoio a festivais de cinema, música e artes escénicas. Co apoio da Deputación, os concellos están a contratar persoal da área de cultura: en 2017 un total 16 técnicos e técnicas de xestión cultural, de 53 animadores e animadoras socioculturais e de 39 técnicos e técnicas para a atención e dinamización dos museos e centros de interpretación dos concellos da provincia. Ademais, financia o funcionamento de Escolas de música, Escolas de danza e Conservatorios Municipais reciben tamén o apoio da Deputación da Coruña.



# "ESTAMOS A CAMBIAR A POLÍTICA MUNICIPAL DESDE A DEPUTACIÓN"

**Xosé Regueira, deputado de Cooperación e Plans**

O Plan Único supón un verdadeiro cambio no modelo de xestión da Deputación da Coruña, cunha aposta decidida pola autonomía dos concellos. O deputado responsábel da área de Cooperación, Plans Provinciais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico Artístico, Xosé Regueira, destaca que a posta en marcha do pioneiro POS+-Plan Único de Concellos, supón un singular "adelgazamento" da propia Deputación ao reducir ao máximo a súa intervención na toma de decisión dos municipios, de acordo co defendido polo BNG.

"O Plan Único inaugura un modelo singular de cooperación, unha nova política de cooperación da Deputación cos concellso, en definitiva, unha forma diferente de se relacionar cos concellos", destaca o deputado Xosé Regueira, portavoz do BNG no pleno da Deputación da Coruña. O novo modelo de xestión afonda, polo tanto, na maior autonomía local, e outorga aos concellos a capacidade de poderen priorizar a finalidade das achegas económicas que reciben, ademais de coñecer con anterioridade o orzamento que poden xestionar, o que supón unha mellora da planificación orzamentaria municipal.

## A APOSTA PARA UN CAMBIO POLÍTICO

Transparencia, repartición con criterios obxectivos e fin do clientelismo son algún dos efectos directos dun plan que o PP votou en contra e que o BNG quere que se "exporte" a outras administracións, de maneira especial, á propia Xunta de Galiza que reservou en 2017 un total de 112 millóns para Fondos de Cooperación Local fronte aos 90 que a Deputación da Coruña distribuíu entre os 93 concellos da provincia.

Ademais de saber de antemán a cantidade de recursos dos que dispoñen, o Plan permite que os concellos destinen a achega provincial ás prioridades que as propias corporacións decidan, tanto a pago a provedores como a gasto corrente, obras e subministración, honorarios de redacción e proxectos ou, mesmo, a cofinanciar outros plans ou programas, empregando os fondos para satisfacer a achega municipal necesaria.

O Plan supón un punto de inflexión na xestión da propia Deputación e os concellos e permite, ademais, incorporar os fondos de remanentes para distribuílos co mesmo mecanismo de xeito automático, reducindo a discrecionalidade e avanzando na transparencia na xestión dos fondos públicos.

## OS NÚMEROS DO PLAN ÚNICO

No bienio 2017-2018, o Plan Único suporá previsiblemente un investimento de 188 millóns de euros, o que supón o maior orzamento consignado nun plan da Deputación na súa historia. En dúas anualidades, distribuiranse por medio deste mecanismo unha cantidade equivalente ao orzamento anual da Deputación.

Só no ano 2017, aos 74 millóns de euros do orzamento inicial sumáronselle 16 millóns da incorporación de remanentes, o que sitúa o total do Plan en 90 millóns de euros. A esta cantidade pódenselle engadir xa os 76 millóns aprobados no orzamento de 2018 que seguirán o procedemento do anterior exercicio, cunha distribución por criterios obxectivos do POS.

Cando o Plan Único chega ao final do primeiro exercicio, o balance é que os fondos se destinaron en case 40 millóns para a realización de 353 obras de construción ou mellora de infraestruturas, 21.675.000 euros para servizos públicos básicos como alumeado ou recollida de lixo en 81 concellos alén de amortización de débeda con provedores e entidades en máis de 8,5 millóns de euros.

O Plan Único reduce o número de expedientes o que simplifica a tramitación na xestión municipal e unha importante mellora, de maneira especial, para os concellos máis pequenos, que teñen máis limitacións técnicas e humanas. Suma fondos de plans xa existentes como o POS, PAS e PAI xunto con 11 liñas de subvencións que os concellos viñan tramitando cada ano.



## PROFESIONALIZACIÓN E EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO



A mellora da calidade dos servizos de atención turística, a profesionalización do sector e a contratación de persoal técnico son obxectivos da área de Turismo que, entre outras liñas, achega 700.000 € para a contratación de especialistas en información turística nos concellos de menos de 50.000 habitantes. En total, son medio cento de concesións de axudas para concellos e agrupacións de concellos que están a ver reforzados os seus servizos nun esforzo que, segundo o deputado nacionalista Xosé Regueira, "responde ao obxectivo de profesionalización da atención turística para a mellora da calidade da oferta, ademais de contribuír á creación de emprego nun sector de interese para ao desenvolvemento económico dos concellos".



## PROMOCIÓN DO TERRITORIO A TRAVÉS DOS SEIS XEODESTINOS

O goberno da Deputación promociona unha nova estratexia do sector que se materializa na aposta por seis xeodestinos que destacan pola oferta de turismo de calidade e sustentábel. "Rías Altas: Ferrolterra e Eume", "Rías Altas: A Coruña e As Mariñas", "Costa da Morte", "Terras de Santiago", "Rías Baixas: Ría de Muros e Noia" e "Rías Baixas: Ría de Arousa" son os seis destinos que centran a promoción turística da Deputación que aposta pola diversificación, a mellora na oferta e a planificación con produtos especiais como o apoio ao Camiño dos Faros ou a proposta do xeoparque arqueolóxico da Mahía.



# "UNHA DEPUTACIÓN PARA ÁS PERSOAS"

**Ánxela Franco, deputada de Benestar, Igualdade e Servizos Sociais**

Unha acción política pensada nas persoas, en especial, nas máis necesitadas, é a que defende desde a área de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero a deputada nacionalista Ánxela Franco con importantes programas encamiñados á mellora das condicións de vida das persoas, principalmente as máis desfavorecidas.

Neste sentido, os servizos sociais son "básicos nunha política que pensa nas persoas que teñen máis necesidades e esta é a obriga fundamental para unha administración que teña a xustiza social como un dos seus obxectivos", sinala Ánxela Franco.
Desta maneira, desde o ámbito do benestar social promóvense e afortálanse numerosos programas entre os que destacan:

**Servizos Sociais Comunitarios:** A área que dirixe Ánxela Franco destina 7 millóns de euros ao programa de financiamento dos Servizos Sociocomunitarios Municipais, un programa que ten como obxectivo asistir económica, técnica e xuridicamente, aos 82 concellos e corporacións municipais da provincia de menos de 20.000 habitantes. O orzamento representa un incremento de 2.883.809 euros respecto do exercicio anterior. A Deputación da Coruña financia os servizos sociais comunitarios desde o ano 1996 mais foi a partir de 2012 que tivo que facelo obrigatoriamente xa que a Xunta deixou de financiar este servizo para os concellos menores de 20.000 habitantes.

**Teleasistencia domiciliaria:** Cun orzamento de 437.094 euros anuais, a Deputación da Coruña financia ao 100% este programa de telealarmas que dá servizo a 2.403 persoas



directamente distribuídas en 88 concellos.

**Diagnose de Servizos Sociais:** Pretende dotar dunha ferramenta de detección de necesidades en materia de servizos sociais así como propoñer liñas de acción xeral neste ámbito en función das necesidades detectadas. Queremos ter claro que recursos temos, como están estruturados, cales son as eivas e deste xeito poder planificar chegando máis e mellor ás persoas.

En canto a área de Igualdade e a loita contra a violencia de xénero, prioridade do goberno, desde a Deputación da Coruña desenvólvense, entre outros, os seguintes programas:

**Diagnose de igualdade**
"Compartimos Plan" é a estratexia para elaborar, de maneira participativa, un estudo de diagnose e plan de acción das políticas de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero na provincia da Coruña. Mediante un proceso colaborativo, participativo, e coordinado, analizaranse en profundidade a realidade das políticas de igualdade dos municipios da provincia e da Deputación da Coruña, para dar resposta ás necesidades emerxentes e abordar as desigualdades aínda presentes entre mulleres e homes no territorio.

**Programa "Quen dixo medo?"** destinada a concellos con menos de 20.000 habitantes. A campaña desenvolve accións de sensibilización para a prevención da violencia de xénero, trata de desmontar os mitos e estereotipos en torno á violencia para apostar pola responsabilidade social, visibilizar e informa para tomar conciencia e actuar e fomenta o cambio de crenzas e actitudes ademais de implicar toda a poboación. En definitiva, o obxectivo é dotar a poboación dos mecanismos, coñecementos e habilidades precisos para detectar as diversas manifestacións da violencia de xénero e actuar de xeito contundente ante ela.

**Videoforum deporte feminino:**
Campaña de difusión e debate sobre deporte feminino. Despois de producir o documental titulado "Contra os elementos" artéllase arredor del un circuíto de viodeoforums, 23 en total, que vai percorrer as 18 comarcas da Coruña e nos que se tratarán a situación do deporte feminino, as distintas modalidades deportivas , a situación do deporte de base e de elite e cal é a situación das deportistas.

## "UNHA MAIOR TRANSPARENCIA NA CONTRATACIÓN"

O cambio na xestión da Deputación da Coruña vén tamén da incorporación de medidas para garantir unha maior transparencia, en especial, nos contratos públicos. Ademais do recollido na lei, a Deputación publica outras informacións para asegurar a máxima transparencia que a sitúan á cabeza das institucións locais.

**"A Deputación sitúase, coa aplicación destas medidas, en niveis máximos de transparencia xa que non só se publican as ofertas e as resolucións senón o expediente na súa totalidade"**

explica **Xesús Soto, deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento**.

A área que dirixe Xesús Soto deu tamén pasos importantes para a transferencia aos concellos do patrimonio histórico artístico da Deputación. Desta maneira, bens como as Torres do Allo, o Castelo de de Vimianzo, ou o mosteiro de Caaveiro na Capela están a ser xa xestionados polos propios concellos en que están situados.

## "MAN A MAN COS CONCELLOS"

Os concellos toman protagonismo nas áreas de goberno dirixidas polo BNG e, en especial, a través do servizo de Asistencia a Municipios da que é responsábel Manuel Muíño intensificouse, entre outros, o apoio técnico aos concellos. Desde a Deputación trabállase man a man cos servizos municipais para a elaboración dos proxectos cun traballo conxunto que vai máis alá do financiamento. Como deputado e alcalde de Zas, Manuel Muíño coñece de primeira man os beneficios que a aplicación do Plan Único de Concellos supón para a xestión municipal en especial por coñecer con moita anterioridade os fondos dos que se dispón e pola autonomía para xestionar os orzamentos que se reparten con criterios obxectivos.



bng

GRUPO DO
BNG-ASEMBLEAS ABERTAS
DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA





GRUPO DO
BNG-ASEMBLEAS ABERTAS
DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

# MÁIS DE TRINTA CONCELLOS E VINTE COLECTIVOS ÚNENSE Á INICIATIVA DA DEPUTACIÓN PARA RECUPERAR O PAZO DE MEIRÁS

En agosto de 2017, a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín, convoca a primeira reunión do grupo promotor da Xunta Pro Devolución do Pazo de Meirás que ten como obxectivo "poñer fin á posesión da propiedade pola familia Franco e a súa incorporación ao Patrimonio público". A iniciativa nace ao se coñecer que a Fundación Francisco Franco está a xestionar as visitas ao Pazo de Meirás na súa condición de BIC que, desta maneira, se utilizan para facer apoloxía do franquismo.

**"O futuro só se pode construír sobre as trabes da nosa memoria"**

Tres meses despois e tan só cinco días antes de que unha delegación de especialistas en cuestións de memoria histórica visitase o Parlamento Europeo, na Deputación da Coruña reuníase o 14 de novembro o plenario da Xunta pro Devolución coa participación de máis de trinta concello e e vinte colectivos que suman forzas coa idea de conseguir a recuperación do Pazo que o ditador adquiriu a través da extorsión e do uso no seu proveito das estruturas do estado franquista.

Goretti Sanmartín participou na delegación diante do Parlamento Europeo impulsada polo BNG e alí volveu explicar cales son os obxectivos da Xunta pro Devolución que nace coa idea de darlle unha volta á historia, coa fórmula mesma fórmula da "Junta pro Pazo" que traballara para que a edificación fora dar nas mans da familia do ditador.

A Xunta pro devolución do Pazo está a valorar as alternativas para a recuperación de Meirás e, con ese fin, encargáronse dous informes, un de carácter xurídico e outro histórico. En paralelo, esa Xunta continúa a reclamar que a Fundación Franco deixe de xestionar as visitas a Meirás.

## O BNG na Deputación impulsa a homenaxe ás corporacións represaliadas e a investigación "Xeración Perdida" sobre representantes políticos que foron vítimas do golpe de 1936

No mes en que se cumpría o oitenta aniversario do golpe militar, o 28 de xullo de 2016, nun acto promovido polo BNG, a Deputación da Coruña rende homenaxe ás corporacións democráticas represaliadas en 1936. O acto está presidido por dous retratos de José López Bouza e Ánxel Casal, presidente e vicepresidente da Deputación da Coruña paseados no verán de 1936. Participan representantes institucionais dos concellos nunha iniciativa que se desenvolve na propia sede da Deputación.

A raíz da homenaxe, a área de Cultura da Deputación, que dirixe Goretti Sanmartín, promove, a creación dun proxecto de investigación pioneiro que busca recuperar a memoria das corporacións municipais que padeceron represión despois do golpe militar de 1936. O obxectivo é dar a coñecer a listaxe e biografías con imaxes dos cargos vítimas da masacre e elaborar unha base de datos que se porá a disposición dos concellos para que lembren e organicen homenaxes aos representantes públicos que padeceron asasinato, prisión ou exilio. O proxecto, que dirixe o profesor Emilio Grandío, conta coa participación dunha ducia de expertos colaboradores. Na web da Deputación está dispoñíbel o resultado das investigacións até o momento (**www.dacoruna.gal/deputacion/xeracion-perdida**).

Grupo do BNG-Asembleas Abertas
da Deputación da Coruña
www.depuacorunha.ben.gal
depuacorunha@bng.gal
@bngdepuacorunha



ANEXO XIV




**Alberto Sánchez Regueiro**
**34894882H**
**Xermar 36**
**15185 Cerceda**
**A Coruña**

**FACTURA 075**
**data 19/12/2017**

**Grupo Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas**
**Avda. Alférez Provisional 2 - planta 3**
**Palacio Provincial - 15003 A Coruña**
**CIF: V70477419**

Comunicación política 2.0 e márketing político online/ofline para o grupo provincial do BNG_Asembleas Abertas na Deputación da Coruña no mes de decembro do 2017

* Vai anexada a xestión feita neste mes de decembro

subtotal 1.300 € IVE (21%) 273€ retención (15%) 195€ **total 1.378 €**

(IBAN): ES32 0238 8210 9106 0000 5744 - (BIC): PSTRESMM

ANEXO XV

| LIBRO DE GASTOS E INGRESOS DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS | | | |
|---|---|---|---|
| Exercicio 2017 | | | |
| **DATA** | **Nº Operación ingreso (gasto)** | **Concepto** | **Importe** |
| 19/01/2017 | 1 (ingreso) | Ingreso transferencia de Gloria Rouco Llanderrozas, abono | 29,00 € |
| 19/01/2017 | 2 (gasto) | Pago Imposto Retención e ingresos a conta do IRPF | 1.010,10 € |
| 23/01/2017 | 3 (ingreso) | Ingreso asignación a grupo 4ºTrimestre | 5.250,00 € |
| 17/06/2017 | 4 (gasto) | Comisión administración | 4,20 € |
| 17/06/2017 | 5 (gasto) | Comisión de mantemento | 29,00 € |
| 29/09/2017 | 6 (gasto) | Pago de factura nº45. Distrito Xermar-Alberto Sánchez Regueiro | 1.378,00 € |
| 29/09/2017 | 7 (gasto) | Comisión por transferencia no pago da fra nª45. | 4,13 € |
| 20/10/2017 | 8 (gasto) | Pago Imposto Retención e ingresos a conta do IRPF | 195,00 € |
| 30/10/2017 | 9(gasto) | pago de factura nº48. Distrito Xermar-Alberto Sánchez Regueiro | 1.378,00 € |
| 30/10/2017 | 10 (gasto) | Comisión por transferencia no pago da fra nª48. | 4,13 € |
| 28/11/2017 | 11 (gasto) | Pago de factura nº 62. Distrito Xermar-Alberto Sánchez Regueiro | 1.378,00 € |
| 28/11/2017 | 12 (gasto) | Comisión por transferencia no pago da fra nº62 | 4,13 € |
| 16/12/2017 | 13 (gasto) | Comisión de mantemento | 29,00 € |
| 16/12/2017 | 14 (gasto) | Comisión administración | 2,40 € |

ANEXO XVI

| LIBRO DE CAIXA DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Exercicio 2017 | | | | | |
| **Nº Operación ingreso** | **Nº Operación gasto** | **Concepto** | **Debe (ingresos)** | **Haber (Pagos)** | **Saldo** |
| | | **SALDO DO EXERCICIO 2016** | | | **981,10 €** |
| 1 | | Ingreso transferencia de Gloria Rouco Llanderrozas, abono | 29,00 € | | **1.010,10 €** |
| | 1 | Pago Imposto Retención e ingresos a conta do IRPF | | 1.010,10 € | - € |
| 2 | | Ingreso asignación a grupo 4ºTrimestre | **5.250,00 €** | | **5.250,00 €** |
| | 2 | Comisión administración | | 4,20 € | **5.245,80 €** |
| | 3 | Comisión de mantemento | | 29,00 € | **5.216,80 €** |
| | 4 | Pago de factura nº45. Distrito Xermar-Alberto Sánchez Regueiro | | 1.378,00 € | **3.838,80 €** |
| | 5 | Comisión por transferencia no pago da fra nª45. | | 4,13 € | **3.834,67 €** |
| | 6 | Pago Imposto Retención e ingresos a conta do IRPF | | 195,00 € | **3.639,67 €** |
| | **7** | pago de factura nº48. Distrito Xermar-Alberto Sánchez | | **1.378,00 €** | **2.261,67 €** |
| | 8 | Comisión por transferencia no pago da fra nª48. | | 4,13 € | **2.257,54 €** |
| | 9 | Pago de fra nº 62 . Distrito Xermar-Alberto Sánchez | | 1.378,00 € | **879,54 €** |
| | 10 | Comisión por transferencia no pago de fra nº62 | | 4,13 € | **875,41 €** |
| | 11 | Comisión por mantemento | | 29,00 € | **846,41 €** |
| | 12 | Comisión administración | | 2,40 € | **844,01 €** |

ANEXO XVII

## Consulta de movimientos
**ES94 2080 0043 1630 4002 6661**

**- CRITERIOS DE BÚSQUEDA**

Campos obligatorios

Seleccione una cuenta: ES94 2080 0043 1630 4002 6661 Ver saldo

Seleccione periodo:
- ○ Últimos movimientos
- ○ Hoy
- ○ Ayer
- ○ Último/s
- ◉ Fecha desde 01-01-2015 Fecha contable
- Fecha hasta 19-12-2017

Importe desde: Importe hasta:

Concepto:

Tipo de operación: Todos los tipos

Consultar

Importes expresados en EUR

| F. VALOR | F. CONTABLE | TIPO OPERACIÓN | DESCRIPCIÓN | IMPORTE | SALDO |
|---|---|---|---|---|---|
| 18-02-2016 | 18-02-2016 | INGRS. EFECTIVO | APERTURA CUENTA | 0,00 | 0,00 |
| 07-03-2016 | 07-03-2016 | TRANSF.PROP.ENT | EXCELENTISIMA DIPUTACION PROVINCIAL,ASIGNACION BASE | 5.250,00 | 5.250,00 |
| 24-05-2016 | 24-05-2016 | TRANSF.PROP.ENT | ESTUDO DEMOSCOPICO PARA GRUPO PROVI NCIA | -3.388,00 | 1.862,00 |
| 18-06-2016 | 18-06-2016 | COMIS.MANTENIM. | COMISION MANTENIMIENTO 18-06-2016 | -19,32 | 1.842,68 |
| 02-12-2016 | 02-12-2016 | TRANSF.PROP.ENT | INSTITUTO SONDAXE, S.L.,PAGO ABONO FR16/11 | 3.388,00 | 5.230,68 |
| 12-12-2016 | 12-12-2016 | TRANSF.OTRA ENT | DIPUTACION PROVINCIAL DE LA CORUNA | 12.210,30 | 17.440,98 |

| F. VALOR | F. CONTABLE | TIPO OPERACIÓN | DESCRIPCIÓN | IMPORTE | SALDO |
|---|---|---|---|---|---|
| 12-12-2016 | 12-12-2016 | OPERS BANCARIAS | PAGO FRA.051 DE DATA 01/12/2016 (BO LETI | -16.450,20 | 990,78 |
| 12-12-2016 | 12-12-2016 | COMISI. Y GTOS | COMISIONES Y GASTOS | -49,35 | 941,43 |
| 17-12-2016 | 17-12-2016 | COMIS.MANTENIM. | COMISION MANTENIMIENTO 17-12-2016 | -29,00 | 912,43 |
| 29-12-2016 | 29-12-2016 | TRANSF.OTRA ENT | DIPUTACION PROVINCIAL DE LA CORUNA | 68,67 | 981,10 |
| 19-01-2017 | 19-01-2017 | TRANSF.PROP.ENT | GLORIA ROUCO LLANDERROZAS,ABONO | 29,00 | 1.010,10 |
| 19-01-2017 | 19-01-2017 | IMPUESTO | NRC:1112080630692X82676590,NIF:V70477419 | -1.010,10 | 0,00 |
| 23-01-2017 | 23-01-2017 | TRANSF.OTRA ENT | DIPUTACION PROVINCIAL DE LA CORUNA | 5.250,00 | 5.250,00 |
| 17-06-2017 | 17-06-2017 | COMIS.ADMINIST. | COMISION ADMINISTRACION 17-06-2017 | -4,20 | 5.245,80 |
| 17-06-2017 | 17-06-2017 | COMIS.MANTENIM. | COMISION MANTENIMIENTO 17-06-2017 | -29,00 | 5.216,80 |
| 29-09-2017 | 29-09-2017 | OPERS BANCARIAS | PAGO DE FACTURA N.045. COMUNICACION POLI | -1.378,00 | 3.838,80 |
| 29-09-2017 | 29-09-2017 | COMISI. Y GTOS | COMISIONES Y GASTOS | -4,13 | 3.834,67 |
| 20-10-2017 | 20-10-2017 | IMPUESTO | IMP:112846539596,NIF:V70477419 | -195,00 | 3.639,67 |
| 30-10-2017 | 30-10-2017 | OPERS BANCARIAS | PAGO DE FACTURA N.048. COMUNICACION POLI | -1.378,00 | 2.261,67 |
| 30-10-2017 | 30-10-2017 | COMISI. Y GTOS | COMISIONES Y GASTOS | -4,13 | 2.257,54 |
| 28-11-2017 | 28-11-2017 | OPERS BANCARIAS | PAGO DE FACTURA N.062. COMUNICACION POLI | -1.378,00 | 879,54 |
| 28-11-2017 | 28-11-2017 | COMISI. Y GTOS | COMISIONES Y GASTOS | -4,13 | 875,41 |
| 16-12-2017 | 16-12-2017 | COMIS.MANTENIM. | COMISION MANTENIMIENTO 16-12-2017 | -29,00 | 846,41 |
| 16-12-2017 | 16-12-2017 | COMIS.ADMINIST. | COMISION ADMINISTRACION 16-12-2017 | -2,40 | 844,01 |

gal / cas

# PREMIO DE ENSAIO "MANUEL MURGUÍA"

Inicio / Cultura / Premios / Premio de ensaio "Manuel Murguía"

Asumindo a relevancia decisiva e a especial significación que, no seu tempo, tivo a figura e a obra de Manuel Murguía como intelectual preocupado polo estudo, a dignificación e a difusión da cultura e da historia de Galicia, convócase o Premio "Manuel Murguía" de Ensaio, de acordo coas seguintes

Persoas gañadoras do Premio de ensaio "Manuel Murguía"

| **Convocatoria** | **Autor/Autora** | **Obra** |
|---|---|---|
| 2017: XI Premio | Raúl Soutelo Vázquez e José Manuel Vázquez Lijó | *O Son que coñeceu Ramón Caamaño. Xentes e espazos dentro e fóra do marco fotográfico* |
| 2015: X Premio | Marcelino Agís Villaverde | *Historia do pensamento galego contemporáneo* |
| 2013: IX Premio | Diego Conde Gómez | *Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria en Galicia* |
| 2010: VIII Premio | Sabela Taboada González | *E fíxose nación. A idea de nación española: liberais vs absolutistas na prensa galega da Guerra da Independencia (1808-1814).* |
| 2008: VII Premio | María Liliana da Orden | *Una familia y un océano de por medio. La emigarción gallega a la Argentina: una historia a través de la memoria epistolar.* |
| 2006: VI Premio | X. Amancio Liñares Giraut e Omayra Lista Liñares | *Medios de comunicación comarcal en Negreira, A Baña e Brión no século XX* |
| 2004: V Premio | Antonio Balboa Salgado | *A raíña Lupa. As orixes pagás de Santiago* |
| 2002: IV Premio | Raul Soutelo Vázquez e Xosé Manoel Núñez Seixas | *As cartas do destino* |
| 2000: III Premio | Fernando Pereira González | *Raza e alteridade: A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX* |
| 1999: II Premio | Marcelino Abuín Duro | *El patrimonio histórico y la representación de la memoria* |
| 1998: I Premio | Alfonso Gomis Rodríguez | *La insurrección de Ferrol de 1872* |

Bases 2017

**Asunto:** Fwd: Re: INFORMACIÓN ÁREA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA
**De:** Xavier Campos <xavier.campos@dacoruna.gal>
**Fecha:** 19/12/2017 9:33
**Para:** Manuel López Foxo <manuel.lopez.foxo@dacoruna.gal>

Foxo, podes responderlle amabelmente a este home?

-------- Mensaje reenviado --------

**Asunto:** Re: INFORMACIÓN ÁREA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA
**Fecha:** Mon, 18 Dec 2017 16:11:43 +0000 (UTC)
**De:** Antón Pais Rodríguez <antondomar@yahoo.es>
**Responder a:** Antón Pais Rodríguez <antondomar@yahoo.es>
**Para:** Xavier Campos <xavier.campos@dacoruna.gal>

Ola ! grazas pola resposta. Quédame por saber se as edicións non venais pódense adquirir sen problemas indicando o enderezo... Existe un listado delas ? Saúdos!

El Lunes 18 de diciembre de 2017 13:58, Xavier Campos <xavier.campos@dacoruna.gal> escribió:

Ola, boa tarde.
Poñémonos en contacto con vostede desde a área de Cultura da Deputación da Coruña, por causa da consulta que vostede realizou no Culturgal no noso posto.
Aproveitamos para lembrarlle tres cuestións:

- as liñas de apoio desta área de cultura a concellos, entidades sen fins de lucro e empresas creativas publícanse todas els no BOP e poden consultarse no apartado da web https://www.dacoruna.gal/subvencions/2017

- se quixer recibir o boletín informativo das actividades, bases de bolsas e de premios, información da Rede Cultural e axudas da Deputación da Coruña, só ten que solicitalo por correo electrónico a **daccultura@dacoruna.gal**

- todos **os materiais publicados en edición venal** pola Deputación (premio Castelao, premio Rafael Dieste, premio González Garcés, etc) **pódense mercar en librarías** a través do noso distribuidor:

Torre Libros S.L.
Polígono de Pocomaco, Parcela A-2/8. 15190 A Coruña
Teléfono: 981137366

FAX: 981137367
E-mail: info@torrelibros.com
Un saúdo cordial

--

Saúdos,
Xavier Campos
Área de Cultura da Deputación da Coruña

https://twitter.com/sinheira

Deputación DA CORUÑA

## INTERVENCION XERAL

**Asunto:** Cuarta xustificación da asignación provincial do exercicio 2017 do Grupo Político Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas.

Órgano Competente: Presidente da Corporación.

# INFORME

### I.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS.

O presente informe emítese en exercicio da función de fiscalización a que se refire o artigo 92.3.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Real decreto 1.174/1987, do 8 de setembro, e demais normas concordantes.

Ao propio tempo ten por obxecto dar cumprimento ao establecido na Base 33 e na regra 15ª da Base 63 de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2017.

### II.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Os Grupos Políticos das Corporacións Locais están regulados nas seguintes normas:

- O artigo 73 da Lei reguladora das bases de réxime local
- Os artigos 23 a 29 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.
- Os artigos 74 a 79 da Lei 5/1197, do 22 de xullo, de administración local de Galicia refírense aos Grupos Políticos Municipais, sen que nesta norma se recolla ningún precepto específico sobre os Grupos Políticos Provinciais.
- Os artigos 22 a 28 do Regulamento orgánico da Deputación provincial da Coruña, aprobado en sesión do 3 de febreiro de 1989
- A Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos.
- A Lei 9/2015, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, de Galicia.

Ao propio tempo hai que significar que o artigo 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, exclúe do seu ámbito de aplicación obxectivo estas asignacións. Si resulta de aplicación en cambio, a normativa reguladora do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.

Na Deputación provincial da Coruña desenvólvese o réxime xurídico de aplicación a través da Base 63ª de Execución do Orzamento Provincial do exercicio 2017.

## III.- ANTECEDENTES.

Ao amparo da previsión contida no artigo 73.3 da LRBRL e en aplicación do disposto na Base 63 de Execución do Orzamento Provincial, o presidente da Corporación ditou a Resolución número 32768, do 30 de decembro de 2016, na que, entre outros puntos, se ordenaba o pago de 5.250,00 € a favor do Grupo Político Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas NIF: V70477419 , para o seu ingreso na conta bancaria establecida expresamente para este fin.

O 20 de decembro de 2017 presentouse na Intervención provincial, para a emisión do preceptivo informe, o escrito do portavoz do Grupo Político citado, o deputado provincial, ao que acompaña un estado do movemento da conta bancaria do período comprendido entre o 18/02/2016 e o 16/12/2017 e a documentación xustificativa dos gastos e pagos efectuados. Nesta primeira xustificación o importe xustificado ascendeu a 20.654,16 €.

## IV.- CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

A documentación presentada da lugar as seguintes consideracións:

1. O extracto bancario achegado recolle os movementos da conta en que se efectuou o ingreso da asignación provincial no período comprendido entre o 18/02/2016 e o 16/12/2017.
2. O importe total dos gastos efectuados e acreditados documentalmente, ascenden a 20.654,16 € e corresponden aos seguintes conceptos que están na situación que se indica:

| CONCEPTO | PAGADO | | PENDENTE DE PAGO | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | *Parciales* | *Totales* | *Parciales* | *Totales* | |
| Impostos | 1.010,10+195,00 | 1.205,10 | | 2.225,85 | 3.430,95 |
| Comisións bancarias | 4,20+29,00+4,13+ 4,13+4,13+29,00+2,40 | 76,99 | 4,13+34,75 | 38,88 | 115,87 |
| Publicidade e propaganda | 1.378,00+1.378,00 +1.378,00 | 4.134,00 | 11.595,34+1.378,00 | 12.973,34 | 17.107,34 |
| Totales | | 5.416,09 | | 15.238,07 | 20.654,16 |
| Saldo conta bancaria, 16/12/2017 | 2.554,23 | | | | 844,01 |

3.- Todos os pagos realizados foron efectuados a través e movementos bancarios todos eles e están xustificados coa documentación requirida: facturas expedidas ao Grupo Provincial e recibís asinados polo portavoz e acreditación de que se refiren a encomendas do Grupo político Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas.

4.- O importe anticipado no primeiro trimestre de 2017 ao Grupo Provincial foi de 5.250,00 € e o importe dos gastos xustificados neste período ascenden a 20.654,16 , dos cales 5.416,09 € están pagados a través da conta bancaria, 15.238,07€ están pendentes de pago e a conta bancaria presenta un saldo de 844,01. .

## V.- CONCLUSIÓNS.

De conformidade co exposto fiscalízase de conformidade a documentación xustificativa presentada polos gastos e pagos acreditados no período do 19/01/2017 e o 16/12/2017., polo Grupo Político Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas NIF: V70477419, que ascende ao importe total de 20.654,16 €, ao cumprir formalmente todos os requisitos esixidos.

O resumo da actividade realizada durante o ano 2017 responde o seguinte detalle:

| | |
|---|---|
| 0. Importe anual de asignación | 21.000,00 |
| I. Importe trimestral da asignación | 5.250,00 |
| II.Importe total xustificado e pagado | 5.416,09 |
| III. Importe por gastos xustificados e pendente de pago | 15.238,07 |
| IV. Importe saldo bancario a 16/12/2017 | 844,01 |
| V.Importe total xustificado | 20.654,16 |
| VI. Importe necesario para abonar o pendente de pago | 14.394,06 |

De conformidade co exposto fiscalízase de conformidade a documentación xustificativa presentada polos gastos acreditados no período do 19/01/2017 e o 16/12/2017, polo Grupo Político Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas NIF: V70477419 que ascende ao importe total de 20.654,16 €, ao cumprir formalmente todos os requisitos esixidos.

En consecuencia procede librar o importe de 14.394,06 a favor do devandito Grupo Político para que poida dispor do importe que lle é asignado na Base 63 de Execución do Orzamento co carácter de "Pago a xustificar" para atender os gastos que orixinou súa actividade nos conceptos e condicións autorizados pola devandita base, no período comprendido entre o 19/01/2017 e o 16/12/2017.

O importe referido pode facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2017/00.00/912.02/480 na que existe crédito dispoñible suficiente para tal fin, tal e como se acredita no documento contable de Retención de Crédito que se acompaña ao presente informe.

O importe indicado debe ingresarse na conta designada para o efecto na Abanca, IBAN: ES94 2080 0043 1630 4002 6661.

**O Grupo Político Provincial Partido Popular deberá xustificar antes do 27 de decembro de 2017 o pagamento das facturas ou documentos equivalentes que ascenden ao importe total anticipado.**

A Coruña, 22 de decembro de 2017

O interventor adxunto

Deputación DA CORUÑA

**RC**

Clave operación **100**
Signo **0**

CONTABILIDAD DEL PRESUPUESTO DE GASTOS

PRESUPUESTO CORRIENTE

**RETENCIÓN DE CRÉDITO**

Nº. Op.Anterior:
Nº. Expediente:
Aplicaciones: **1**
Oficina
Ejercicio: **2017**

Presupuesto **2017**

| Orgánica | Programa | Económica: | Referencia | Importe EUROS | PGCP |
|---|---|---|---|---|---|
| **0000** | **91202** | **480** | **22017008551** | **14.394,06** | |

**Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.**

Importe
**CATORCE MIL TRESCIENTOS NOVENTA Y CUATRO EUROS CON SEIS CENTIMOS .**

Importe EUROS **14.394,06**

Código de Gasto/Proyecto:

Interesado: **V70477419 GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ASEMBLEAS ABERTA**
Ordinal Bancario

Texto libre

**REPOSICIÓN ASIGNACIÓN BASE 63ª POR GASTOS PERIODO 19/01/2017 AL 16/12/2017**

CERTIFICO: Que para la(s) aplicación(es) que figura(n) en este documento (o su anexo), existe Saldo de Crédito Disponible, quedando retenido el importe que se reseña.

OBSERVACIONES:

El abono deberá efectuarse en la cuenta del Grupo Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas NIF: V70477419, **número** IBAN: ES94 2080 0043 1630 4002 6661.

- **Se establece un plazo de justificación hasta el 27 de diciembre de 2017.**

| INTERVENIDO<br>EL INTERVENTOR | FISCALIZADO<br>EL JEFE DE FISCALIZACIÓN |
|---|---|
| | |

Nº. Operación: **220170045517**

Sentado en Libro Diario de Contabilidad Presupuestaria con
Fecha **22/12/2017**

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**
**A CORUÑA**

**PRESIDENCIA**

# Resolución pola que se aproba a primeira xustificación de gastos do exercicio 2017 ao Grupo Político Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas.

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña**,

## ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2016 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2017 e as bases para a súa execución.

A número 63 das bases de execución regulamenta a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local e fixa para o grupo político provincial un importe trimestral de 8.850,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local

O grupo político provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

O 20 de decembro de 2017 presentouse na Intervención provincial, para a emisión do preceptivo informe, o escrito do portavoz do Grupo Político citado, o deputado provincial, ao que acompaña un estado do movemento da conta bancaria do período comprendido entre o 18/02/2016 e o 16/12/2017 e a documentación xustificativa dos gastos e pagos efectuados. Nesta primeira xustificación o importe xustificado ascendeu a 20.654,16 €.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO**.- O importe anticipado no primeiro trimestre de 2017 ao Grupo Provincial foi de 5.250,00 € e o importe dos gastos xustificados neste período ascenden a 20.654,16 , dos cales 5.416,09 € están pagados a través da conta bancaria, 15.238,07€ están pendentes de pago e a conta bancaria presenta un saldo de 844,01.
.

A documentación presentada corresponde a gastos xestionados no período comprendido entre o 19/01/2017 e o 16/12/2017. En consecuencia o resumo da actividade realizada responde ao seguinte detalle:

| | |
|---|---|
| 0. Importe anual de asignación | 21.000,00 |
| I. Importe trimestral da asignación | 5.250,00 |
| II.Importe total xustificado e pagado | 5.416,09 |
| III. Importe por gastos xustificados e pendente de pago | 15.238,07 |
| IV. Importe saldo bancario a 16/12/2017 | 844,01 |
| V.Importe total xustificado | 20.654,16 |
| VI. Importe necesario para abonar o pendente de pago | 14.394,06 |

**SEGUNDO** Procede librar o importe de **14.394,06** a favor do devandito Grupo Político provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas NIF: V70477419 para que poida dispor do importe que lle é asignado na Base 63ª de Execución do Orzamento co carácter de "Pago a xustificar" para atender os gastos que orixinou súa actividade nos conceptos e condicións autorizados pola devandita base, no período comprendido entre o 19/01/2017 e o 16/12/2017 e ingresalo na súa conta na entidade financeira na Abanca, IBAN: ES94 2080 0043 1630 4002 6661.

**O Grupo Político Provincial Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas deberá xustificar antes do 27 de decembro de 2017 o pagamento das facturas ou documentos equivalentes que ascenden ao importe total anticipado .**

**TERCEIRO**: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

**CUARTO**: No mes de xaneiro de 2018, unha vez entre en vigor o orzamento provincial do exercicio 2018, librarase o importe da asignación correspondente ao primeiro trimestre do dito exercicio, con carácter de "pago a xustificar" na coantia e condicións establecidas na Base 63 do exercicio orzamentario

**QUINTO**: Notificar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Deputación
DA CORUÑA

## ADO

Clave operación 250
Signo 0

| | | |
|---|---|---|
| CONTABILIDAD DEL PRESUPUESTO DE GASTOS<br><br>PRESUPUESTO CORRIENTE | **AUTORIZACIÓN, DISPOSICIÓN Y RECONOCIMIENTO DE OBLIGACIÓN.** | Nº. Op.Anterior: **220170045517**<br>Nº. Expediente: **4/41126**<br>Aplicaciones: **1**<br>Oficina<br>Ejercicio: **2017** |

Presupuesto **2017** Nº Documento:

| Orgánica | Programa | Económica: | Referencia | Importe EUROS | PGCP |
|---|---|---|---|---|---|
| **0000** | **91202** | **480** | **22017008551** | **14.394,06** | **6501** |

**Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.**

Aplicación no presupuestaria I.V.A. — Importe EUROS — PGCP

Importe Líquido — Importe EUROS
**CATORCE MIL TRESCIENTOS NOVENTA Y CUATRO EUROS CON SEIS CENTIMOS .** **14.394,06**

Importe Descuentos: — PGCP
Concepto Dto.:
Interesado:

Código de Gasto/Proyecto:

Interesado: **V70477419** **GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ASEMBLEAS ABER**
Ordinal Bancario

Endosatario:
Ordinal Bancario

| Área origen del Gasto | | | Tipo de Pago | | | Forma de Pago | | | Nº de cheque | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

Caja o Banco Pagador
Ordinal

Texto libre

**GR. PROV. BLOQUE NAC. GALEGO ASEMBLEAS ABERTAS.- REPOSICIÓN ASIGNACIÓN BASE 63ª POR GASTOS PERIODO 19/01/17 AL 16/12/17**

| INTERVENIDO<br>EL INTERVENTOR | CONTABILIZADO<br>LA JEFA DE CONTABILIDAD | Aprobado el Reconocimiento de la Obligación recogido en el presente documento<br>EL PRESIDENTE |
|---|---|---|

| | |
|---|---|
| Nº. Operación: | **220170045878** |
| Nº Caja: | |
| Nº. Rel. Cont: | |

Sentado en Libro Diario de Contabilidad Presupuestaria con Fecha **26/12/2017**

R115

Deputación
DA CORUÑA

**P**

Clave operación **500**
Signo **0**

CONTABILIDAD DEL PRESUPUESTO DE GASTOS

PRESUPUESTO CORRIENTE

**ORDENACIÓN DEL PAGO**

Nº. Op.Anterior: **220170045878**
Nº. Expediente: **4/41126**
Aplicaciones: **1**
Oficina
Ejercicio: **2017**

Presupuesto **2017** Nº Documento:

| Orgánica | Programa | Económica: | Referencia | Importe EUROS | PGCP |
|---|---|---|---|---|---|
| **0000** | **91202** | **480** | **22017008551** | **14.394,06** | **6501** |

**Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.**

Aplicación no presupuestaria I.V.A. — Importe EUROS — PGCP

Importe Líquido — Importe EUROS
**CATORCE MIL TRESCIENTOS NOVENTA Y CUATRO EUROS CON SEIS CENTIMOS .** **14.394,06**

Importe Descuentos: — PGCP
Concepto Dto.:
Interesado:

Código de Gasto/Proyecto:

Interesado: **V70477419** **GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ASEMBLEAS ABER**
Ordinal Bancario

Endosatario:
Ordinal Bancario

| Área origen del Gasto | | | Tipo de Pago | | | Forma de Pago | | | Nº de cheque | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

Caja o Banco Pagador
Ordinal

Texto libre

**GR. PROV. BLOQUE NAC. GALEGO ASEMBLEAS ABERTAS.- REPOSICIÓN ASIGNACIÓN BASE 63ª POR GASTOS PERIODO 19/01/17 AL 16/12/17**

INTERVENIDO
EL INTERVENTOR

AUTORIZADO
EL PRESIDENTE

RECIBI

Nº. Operación: **220170045881**
Nº Caja:
Nº. Rel. Cont:

Sentado en Libro Diario de Contabilidad Presupuestaria con Fecha **26/12/2017**

**Deputación DA CORUÑA**

| CONTABILIDADE DO ORZAMENTO DE GASTOS<br>ORZAMENTOS PECHADOS | **R**<br>**REALIZACION DEL PAGO** | Clave operación **600**<br>Signo **0** |
|---|---|---|

| | |
|---|---|
| Nº. Op.Anterior: | **220170045881** |
| Nº. Expediente: | **4/41126** |
| Aplicacións: | **1** |
| Oficina | |
| Exercicio: | **2018** |

Orzamento **2017** Nº Documento:

| Orgánica | Programa | Económica: | Referencia | Importe EUROS | PGCP |
|---|---|---|---|---|---|
| **0000** | **91202** | **480** | **22017008551** | **14.394,06** | **6501** |

**Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.**

| Aplicación non Orzamentaria I.V.E. | Importe EUROS | PGCP |
|---|---|---|

Importe Líquido — Importe EUROS
**CATORCE MIL TRESCIENTOS NOVENTA Y CUATRO EUROS CON SEIS CENTIMOS .** — **14.394,06**

Importe Descontos: PGCP
Concepto Dto.:
Interesado:

Código de Gasto/Proxecto:

Interesado: **V70477419** **GRUPO PROVINCIAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ASEMBLEAS ABER**
Ordinal Bancario (Nº: 1) **CAGLESMMXXX ES94 2080 0043 1630 4002 6661**

Endosatario:
Ordinal Bancario

| Área orixe do Gasto | 01 | ÁREA GESTORA | Tipo de Pago | 01 | Directo | Forma de Pago | 03 | Transferencia | Nº de cheque | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

Caixa ou Banco Pagador
Ordinal **218** **BBVA (PRESUPUESTOS)**

Texto libre

**GR. PROV. BLOQUE NAC. GALEGO ASEMBLEAS ABERTAS.- REPOSICIÓN ASIGNACIÓN BASE 63ª POR GASTOS PERIODO 19/01/17 AL 16/12/17**

| | |
|---|---|
| Nº. Operación: | **220181000008** |
| Nº Caja: | **20180000008** |
| Nº. Rel. Cont: | |

Sentado en Libro Diario de Contabilidade Orzamentaria con Data **09/01/2018**